

1936-1939

As vítimas betanceiras da represión

XESÚS TORRES REGUEIRO*

Sumario:

Informe sobre as vítimas betanceiras da represión fascista de 1936-1939, recuperando os seus datos persoais e familiares, e tratando corrixir, actualizar e poñer ao día (á luz dos documentos existentes coñecidos e testemuñas orais) os datos con eles relacionados.

Abstract:

Report on the Betanzos victims of the fascist repression of 1936-1939, retrieving personal and family records, and trying to correct and bring up to date the information relating to them, in the light of existing documents and oral testimonies.

Yo creí que en este pueblo pequeño
no había asesinos.

Luis Pimentel: «Cunetas», 1947.

¡Outra vez, outra vez o terror!
Un día e outro día,
sen campás, sen protesta.
Galicia ametrallada nas cunetas
dos seus camiños

(...)

Ti sabes que todos os días
hai un home morto na cuneta,
que ninguén coñece aínda.
Unha muller sobre o cadáver do seu home
chora.

(...)

Luis Pimentel: «Cunetas», 1966.

Perseguíronos con saña.
Detivéronos con sevicia.
Torturáronos con sadismo.
Encarceráronos sen causa.
Xulgáronos sen xustiza.
Paseáronos sen piedade.
Así os mataron.

(...)

*Claudio Rodríguez Fer:
«Memoria antifascista de Galicia», 2004.*

Algúen, sen arrepiarse,
coidadoso de honrar ós mortos,
non sabemos quen,
con seguranza aínda non nacido,
fará memoria.

(...)

Luis Seoane: «O pasado», 1959.

INTRODUCCION

Durante moitos anos os betanceiros apenas souberon duns cantos nomes dos moitos conveciños vítimas da represión xurdida a raíz do golpe militar fascista do 18 de xullo de 1936. Aínda hoxe, a maioría das persoas de idade avanzada, incluso aquelas politicamente concienciados, descoñecen quen eran algúns daqueles betanceiros asasinados.

Quitando os casos dos fusilados tras consello de guerra, que nos primeiros momentos mesmo saíron publicados (quizá como medida «exemplar») na prensa intervida polos militares golpistas, moitos dos «paseados» só serían coñecidos dos seus familiares e dunha minoría de amigos, veciños ou correligionarios. Falar era perigoso e había que facer con cautela. En moitos casos, cando as vítimas eran «paseadas» lonxe da cidade e en paraxes pouco

* Xesús Torres Regueiro é betanceiro e autor de numerosos traballos sobre historia local e de Galicia, moitos deles publicados neste mesmo *Anuario Brigantino*.

frecuentadas, os familiares tardaban tempo en enteirarse. Varios deles foron inscritos como «Desconocidos» e só anos despois as actas de defunción recolleron a súa verdadeira identidade. Outros aínda continúan rexistrados como descoñecidos. Dalgúns non hai siquera acta de defunción. Pódese dicir que durante moitos anos, poucas persoas foron conscientes en Betanzos da magnitude total da traxedia. É dicir, que nada menos que 34 betanceiros foran vítimas directas (asasinados con subterfuxio «legal» ou sen el) da represión que se desatou a raíz da sublevación militar fascista do 18 de xullo de 1936.

As primeiras referencias

Unha das primeiras referencias escritas a vítimas betanceiras da represión recolleuse no bando republicano na publicación *Nova Galiza*, «boletín quincenal dos escritores galegos antifeixistas», que se editaba en Barcelona da man de Castelao e Rafael Dieste¹.

Así, na sección «¡Loito na nosa Terra!» incluída no nº 2, correspondente ao 20 de abril de 1937, páxina 3, aparecen dentro dun amplo listado os mariños Manuel Allegue [pon Allegui] Regueiro e Manuel Muñoz Otero, sen especificar que sexan betanceiros, dentro dun apartado de vítimas de «El Ferrol, Ortigueira, Pontedeume, etc.». Efectivamente, os dous foran fusilados en Ferrol. No nº 8, de 1 de agosto de 1937, inclúe a Ramón Bonome, Concellal, de Betanzos, que en realidade chámabase Ricardo e non foi asasinado senón que estaba escapado. Os datos non sempre eran verídicos ou contrastados e obedecían a informacións que facilitaban persoas que se incorporaban ao bando republicano. A veces, no caso de escapados, supoñíaseselles mortos, cousa que a eles mesmos e ás súas familias interesaba. No nº 9, de 1 de setembro de 1937, trae unha relación de once vítimas de Betanzos: Germán «Marulán», Cabo de Consumos; «Carula», Cabo de Consumos [débesse referir a Manuel Lagares, de alcume familiar Garulo]; Tomás Datorre, socialista, Alcalde [o nome correcto é Tomás López da Torre]; «Pivela», labrego; Manuel Vales, camareiro, da CNT; Francisco Fraga, camareiro, da CNT; «Saraiva», camareiro, da CNT [parece que se trataba de José Rodríguez, alcumado tamén «o Maravillas», que en realidade non foi asasinado e tampouco era camareiro]; Xosé Carro, mariñeiro; Veiga «O besugo», mariñeiro [o seu apelido non era Veiga senón Naveira Carballo]; Xosé Novo, xastre; e «Cormán», músico [refírese a Tomás Fuentes Velón, músico da banda municipal, de alcume familiar «Cornán»].

Tamén o órgano *Nueva Galicia*, «portavoz de los antifascistas gallegos», curiosamente un título idéntico ao anterior, este en castelán, que se editaba en Madrid vencellado ao Partido Comunista, no seu número 7 de 27 de xuño do mesmo ano 1937 trae unha colaboración titulada «Betanzos» asinada por un tal Rigón (Batallón Auxiliar de Fortificaciónes), na que di textualmente: «(...) Buenos españoles, amantes hijos de nuestra Galicia, los compañeros Tomás da Torre, Miño, José Vales y Ramón Beade han caído para siempre en la lucha por la libertad del hombre...» É probable que José Vales estea trabucado, quizá por Manuel Vales. O curioso é que dea por morto a Beade, que se atopaba fuxido, e en cambio non cite a outra vítima destacada: José Novo, a menos que o José Vales, por erro, quixera referirse a el.

En 1938 publicouse en París *La Galice sous la botte de Franco*, que tería outras versións idénticas pouco despois: *Lo que han hecho en Galicia* (tamén editado en París) e *Galicia Mártir* (Ediciones Neos, Buenos Aires), todas elas atribuídas a Luis Seoane. Esta obra, ao ocuparse da represión na provincia da Coruña, recolle os casos de dous betanceiros moi coñecidos: «o abogado don Tomás de la Torre» e o «exalcalde señor Novo, de profesión sastre.»

O folleto dos mártires: o primeiro relato exhaustivo (e incompleto) dos crimes

En 1958 publicouse en Buenos Aires, asinado por un «Comité de homenaje a los mártires de Betanzos y su distrito», un pequeno folleto de 24 páxinas, titulado *Betanzos honra a sus mártires* que leva na capa sobreimpresa un famoso deseño de Castelao, pertencente ao seu álbum *Galicia Mártir* (1937), co título «Non enterran cadavres; enterran semente». Datado en Betanzos en «Julio de 1955», o folleto só sería publicado tres anos despois na capital bonaerense, chegando a Betanzos clandestinamente en anos sucesivos.² Ábrese cunha introducción de catro páxinas asinada en Buenos Aires, a 20 de xullo de 1958, por unha «Comisión en la Argentina de homenaje a los mártires de Betanzos y su distrito».

O informe vai máis alá do que anuncia no título, pois exténdese tamén ás vítimas e feitos ocorridos noutros concellos do partido xudicial betanceiro: Paderne, Irixoa, Oza dos Ríos, Sada e Miño. Hai unha lembranza tamén para as vítimas inmoladas na Costa do Sal e na Ponte da Castellana, nos concellos veciños de Coirós e Aranga, e para os prisioneiros de guerra acollidos no Campo de concentración habilitado no barrio da Madalena de Betanzos, asasinados nos xuncais inmediatos e na montería de Ribalta.

En realidade, o autor do folleto sería o dirixente agrario socialista Ramón Beade Méndez. A única testemuña sobre esta autoría é do seu fillo Andrés Beade Dopico, quen en 1953 emigrou a Buenos Aires e tivo moito que ver na publicación do folleto.

Ramón Beade, nado no lugar de Touriñao de Abaixo da parroquia de Tiobre en 1900, foi un activo dirixente agrario, secretario da Asociación de Agricultores de Tiobre e presidente da Federación Agraria do Partido xudicial de Betanzos. Integrante do Partido Socialista, foi eleito concelleiro nas eleccións municipais de 1931, deputado a Cortes nas Constituíntes da II República e nas eleccións que deron o trunfo ao Frente Popular. Tamén foi Alcalde de Betanzos nunha breve etapa (maio 1933-outubro de 1934). A partir da sublevación fascista de 1936, viviu once anos fuxido, agochado nas inmediacións da súa aldea natal, salvando así a vida, mentres a familia facía creer que se atopaba exiliado en México, dende onde se recibía regularmente unha carta que realmente asinaba e redactaba o amigo de Beade, tamén deputado socialista, Edmundo Lorenzo. En 1947 acolleuse á amnistía decretada para os que non estaban incurso en delitos de sangue e pasou a disfrutar de liberdade vixiada, reintegrándose ao seu traballo de labrego mentres a saúde llo permitiu.

Ramón Beade, enfermo dende a súa etapa de fuxido, sen poderse medicar convenientemente e facéndoo a través da súa muller que finxía os síntomas que aquel lle transmitía, morreu o 5 de xullo de 1956, antes de que se publicara o folleto. O seu enterro foi unha grande manifestación cívica. De moitos puntos das Mariñas acodeu xente a despedir ao líder agrario socialista.



Praca homenaxe aos mártires betanceiros no Centro Betanzos de Bos Aires en 1959. Recentemente, a instancias da Asociación Cultural Eira Vella, colocouse unha réplica na entrada ao Museo das Mariñas.

Deste folleto realizouse unha edición facsimilar en setembro de 2001 (auspiciada pola Fundación 10 de Marzo de Comisións Obreiras, o Consello da Cultura Galega e o Concello de Betanzos), presentada en Betanzos nun acto celebrado o día 29 de setembro inscrito dentro do I Congreso internacional do Exilio Galego. Esta edición, que se regalou ao público asistente, vai acompañada de textos introdutorios de Andrés Beade Dopico, Xesús Alonso Montero e Víctor Manuel Santidrián Arias.

O folleto dos mártires, como lle chamaremos a partir de agora, ten certamente o mérito de recoller o conxunto das vítimas betanceiras e aínda das máis destacadas dos concellos limítrofes, nunha etapa na que non debía ser doado andar facendo pesquisas dese tipo e menos por un home sometido a vixilancia pola Garda Civil. De feito, son varios os erros que contén, algúns postos de manifesto no meu libro «A II República nunha vila galega. Betanzos, 1931-1936»³. O principal deles é o de Muíños por Muñoz, quizá unha errata, corrixida a man nos exemplares que vin, pois Beade debía coñecer persoalmente a Muñoz ou polo menos non debía escapárselle o seu apelido correcto. Tamén no caso do «Coducho» coloca o segundo apelido como primeiro, convertindo un Francisco Fraga en Francisco García. O mesmo ocorre con Pedro Salgado Barral que converte en Pedro Barral. Nunha vila como Betanzos na que os alcumes tiñan, e aínda teñen, unha grande importancia connotativa, non sempre os apelidos eran ben coñecidos. Outro tipo de erros é o do lugar e a data exacta da morte e o lugar, a veces difícil de comprobar naquelas circunstancias, sobre todo cando os corpos eran descubertos moito tempo despois do asasinato. Tamén creemos que existe algún erro na atribución de cargos directivos a algunhas vítimas afiliadas á CNT. Beade, que coñecía moi ben as organizacións de orientación socialista ás que el mesmo pertencía, non tiña por qué ter ese grao de coñecemento no tocante á CNT e, en moitos casos, fiariase dos informantes que aínda erroneamente actuarían de boa fe. Xa dixemos que non é doada a recolleita deste tipo de información. Hai familias das vítimas (caso dalgúns «paseados») que non tiñan información completa do que ocorrira, outras que desapareceron de Betanzos. Aínda hoxe mesmo hai algunha vítima que ninguén coñece, agás os seus familiares.

Outras alusións

Carlos Fernández Santander, autor dunha pioneira obra sobre «El Alzamiento de 1936 en Galicia» apenas recolle vítimas betanceiras. Na primeira edición do seu traballo (1983) apenas cita un par delas, as máis significadas politicamente. Xa na 5ª edición «corregida y aumentada» (1987) unicamente recolle os fusilamentos de Tomás López Da Torre e de Novo, ademais do asasinato dun soldado viaxeiro na estación de Betanzos Infesta. Ao primeiro chámalle Tomás de la Torre, só cita a súa profesión de avogado e non o cargo político (mentres que ao segundo reférese como exAlcalde) e di erroneamente que pertencía á «Agrupación Sindicalista». Na edición definitiva, «Alzamiento y Guerra Civil en Galicia (1936-1939)»⁴, xa debeu dar cun exemplar de «Betanzos honra a sus mártires» e copia os datos do folleto sen citalo, cos erros incluídos (apelidos trabucados: Muíños por Muñoz, datas erróneas das mortes) e outros de propia colleita por unha mala transcripción do texto. Así aparecen apelidos e topónimos trabucados: Bellón por Belón, Reborita por Reborica, Río por Rilo, Fiobre por Tiobre, Lagares López por Lagares Gómez, Mondo por Mondoi...).

A betanceira Silvia Gómez Gómez nun interesante traballo de historia oral (in *1936. Os primeiros días*) só cita 5 vítimas polo nome (Novo, López da Torre, Lagares, Germán López e Cortiñas) mentres que dá cifras de 21 vítimas por compoñente sociolóxica e un total de 43 por adscrición política. Creemos que nos dous casos debeu sufrir algún erro de cómputo.

Alfredo Erias no seu extenso traballo sobre a II República en Betanzos reproduce textualmente o folleto no referente ás vítimas betanceiras.

Xosé Manuel Suárez Martínez, na súa obra «Guerra Civil e represión en Ferrol e comarca» recolle nunha relación de 715 vítimas aos betanceiros Allegue, Fuentes Velón, Muñoz e Julio Sas, os catro fusilados na cidade departamental.

Nós mesmos, aínda que tentamos corrixir algúns datos erróneos do folleto no noso libro sobre a II República en Betanzos, mantivemos outros por descoñecemento naquel momento (o libro redactárase varios anos antes de publicarse).

Por último, o profesor Velasco no seu recente libro sobre a represión (véxase bibliografía) copia os datos do folleto e recolle tamén os datos numéricos erróneos de Silvia Gómez.

Unha vítima esquecida: Antonio López «O Bergeiro»

Ao falarmos cos irmáns de dúas vítimas que pasaron xuntos, Antonio Maceiras e José Edreira, chamounos a atención que sempre se referían ao seu irmán e a outros dous: «levaron aos tres», «matárono con outros dous»... mentres que o folleto dos mártires referíase unicamente a eles dous. Efectivamente, había unha terceira vítima: un irmán de Carmen «a Bergeira». Entrevistámonos con esta muller de 90 anos na Residencia «García Hermanos» e facilitounos a identidade e datos persoais do seu irmán Antonio, quen tampouco figura na praca homenaxe. Unha vítima, pois, esquecida por todos, agás a súa familia e os irmáns das outras dúas vítimas que compartiron con el o martirio.

¿Outra vítima?: Antonio García Estrada

Ao consultar no rexistro civil de Betanzos as defuncións inscritas a partir do 22 de xullo de 1936 que poideran ter que ver con asasinatos e mortes violentas, atopamos a do mozo de 18 anos Antonio García Estrada, veciño da Infesta, morto o 27 de agosto de 1936 a consecuencia de «hemorragia interna», eufemismo que aparece en moitas vítimas asasinadas. Se, efectivamente, este mozo foi outra vítima daqueles sucesos, estaríamos ante a vítima número 35. Sen embargo as nosas pesquisas con veciños da Infesta deron resultado negativo. Ninguén lembraba a este veciño (cousa ate certo punto lóxica nun lugar no que houbo moita mobilidade veciñal por mor do ferrocarril e cun veciño que levaba pouco residindo alí) nin que houbese ningunha vítima da veciñanza. Unha señora de 90 anos, de boa memoria e que viviu toda a vida alí, negou rotundamente que mataran a alguén da Infesta.

Un «Hombre desconocido» asasinado en Ribalta

Por outra acta de defunción asentada o 10 de decembro de 1936, atopamos outra posíbel vítima: «un hombre desconocido de veinte a veinticinco años de edad. Falleció en las canteras de Rivalta el día veintiocho de Noviembre último a las últimas horas de la mañana a consecuencia de hemorragia cerebral... y su cadáver habrá de recibir sepultura en el Cementerio de Pontellas.» Non sabemos se era betanceiro ou se foi traído aquí a «pasear». En Ribalta parece ser que foron «paseados» varios prisioneiros do campo de concentración que funcionou na Madalena, mais na altura desta defunción aínda non comezara a funcionar.

Ademais, a estrada da estación do Norte, como se denomina popularmente, foi un lugar escollido polos «paseadores» para cometer os seus crimes. Segundo consta nas actas de defunción asentadas no rexistro civil de Betanzos, ate catro vítimas aparecen nesta zona: un veciño de Ordes (Agustín Sánchez), e tres da Coruña (Pedro Ramírez Menéndez, Gumersindo Gómez García e José Cambón Rodríguez).

Precisamente, a estación de Infesta, ou do Norte, foi escenario dun crime «exemplarizante». A noticia apareceu deste xeito na prensa (copiamolo de *El Pueblo Gallego*, de Vigo) o 16 de agosto de 1936:

FUSILAMIENTO EN LA ESTACIÓN DE BETANZOS

La Coruña — En un convoy ferroviario salido de La Coruña se permitió dar gritos subversivos y excitar a la rebelión a sus compañeros, un individuo movilizado qu exteriorizó además sus ideas comunistas.

La partida de conducción lo detuvo e hizo entrega de él al Comandante militar de Betanzos, quien ordenó el fusilamiento inmediato del referido sujeto en el andén de la estación, ante sus propios compañeros.

Con la emoción consiguiente paisanos y militares vitorearon a España y al Ejército salvador después de este ejemplar acto de justicia.

Así entendían a xustiza os militares sublevados.

Reconto

Do total de 34 vítimas betanceiras (35 se contamos entre elas a García Estrada), 3 foron fusiladas sen causa previa, dúas en Ferrol e unha en Betanzos; 7 foron fusiladas tras Consello de Guerra; 22 foron «paseadas»; 1 foi asasinada nunha rúa de Betanzos e outra morreu na cadea da Coruña. Por idades, van dende os 17 aos 67 ou 69 anos. Vinte non pasaban dos 30 anos e sete delas non tiñan aínda dereito a voto, que daquela estaba nos 23 anos.

Son contados os que tiñan cargos institucionais, políticos ou sindicais (o Alcalde frentepopulista López da Torre, o socialista agrario e concelleiro Bernardo Miño e José Novo, de Izquierda Republicana, concelleiro e que tamén fora Alcalde un tempo). Os dirixentes políticos e sindicais, na súa maioría, conseguiron fuxir ou agocharse, salvando a vida. Deixando aparte a dous mariños de guerra, a maioría son traballadores e empregados: mecánicos, chóferes, camareiros, xastres, mariñeiros, panadeiros, pintores, labradore e xornaleiros. Apenas un rentista ou propietario, vítima de especiais circunstancias e dificilmente homologábel co resto, como veremos.

Dos asasinados dentro do termo municipal de Betanzos, unicamente figuran rexistradas as defuncións de oito: as de José Novo Rodríguez, Antonio García Estrada, Gerardo Francisco Mosquera Fidalgo, os catro «paseados» na ponte de San Paio (Manuel Fernández Pérez, Bernardo Miño Abelenda, Camilo Naveira Ferreiro e Antonio Lagares Gómez), e Francisco Cortiñas Díaz, ademais do «Hombre desconocido». Non existen actas de defunción de Juan Moreira e Manuel Calviño, «paseados» xuntos na Espantosa; nin de Luis Naveira.

O estadillo que incluímos a continuación recolle cronoloxicamente as 34 vítimas betanceiras da represión do período 1936-1939. Publicamos anteriormente un avance na revista *A Xanela*,⁵ onde apareceu con dous erros, cando menos: López Da Torre apareceu como López Loureda, que son os apelidos do seu fillo; e Manuel Vázquez Gómez figura con 29 anos cando en realidade tiña 19. Corríxense agora, igual que os lugares e as datas dalgunhas mortes que alteran o orde da lista, e inclúense algunhas idades que alí non figuraban e o segundo apelido dalgúns por descoñecerense entón. Faltaba nese listado o nome, agora engadido, de Antonio López, que nin aparece no folleto dos mártires nin tampouco na praca homenaxe colocada polo Centro Betanzos de Buenos Aires.

BETANZOS. VÍTIMAS DA REPRESIÓN FASCISTA 1936-39

Nº	NOME E APELIDOS	IDADE	CAUSA MORTE	DATA	LUGAR	ORGANIZACIÓN CARGO
1	TOMÁS FUENTES VELÓN	25	Fusilado	26-07-1936	Ferrol	CNT
2	JULIO SAS BARROS	27	Fusilado	26-07-1936	Ferrol	CNT
3	JOSÉ NOVO RODRÍGUEZ	44	Fusilado	27-07-1936	Betanzos	IR. Ex alcalde
4	ANTONIO MACEIRAS AMOR	20	Paseado xunto cos 2 seguintes	13-08-1936	Aranga	CNT
5	JOSÉ EDREIRA SEOANE ("O Chuno")	21	Paseado	13-08-1936	Aranga	CNT
6	ANTONIO LÓPEZ PÉREZ ("O Bergeiro")	27	Paseado	13-08-1936	Aranga	CNT
7	MANUEL VALES FERNÁNDEZ	30	Paseado xunto co seguinte	15-08-1936	A Neveira-Curtis	CNT
8	JOSÉ RILO GARABAL ("O Machacante")	24	Paseado	15-08-1936	A Neveira-Curtis	CNT
9	FELIPE VEIGA GÓMEZ	25	Paseado	antes do 28-08-1936	Ordes	CNT e PC
10	MANUEL RÍOS FRAGA	23	Paseado	27-08-1936	Praia Bastia-gueiro	UGT
11	JUAN MOREIRA SUÁREZ	20	Paseado xunto co seguinte	9-09-1936	Espantosa (Betanzos)	Juventudes Comunistas
12	MANUEL CALVIÑO BABÍO	38	Paseado	9-09-1936	Espantosa (Betanzos)	UGT
13	PEDRO TEIJO FERNÁNDEZ	31	Paseado	15-09-1936	Zona Santiago	CNT
14	JULIO TEIJO FERNÁNDEZ	26	Paseado	15-09-1936	Veira-Carral	CNT
15	PEDRO SALGADO BARRAL ("Migueliño")	27	Paseado	16-09-1936	Traba-Cesuras	CNT
16	LUIS NAVEIRA CARBALLO ("O Besugo")	32	Paseado	19-09-1936	Betanzos	CNT/ Sen militancia
17	GERARDO MOSQUERA FIDALGO	31	Asasinado na casa	20-09-1936	Tiobre (Betanzos)	CNT e FAI
18	MANUEL VÁZQUEZ GÓMEZ	19	Paseado	22-09-1936	Osedo-Sada	CNT
19	TOMÁS LÓPEZ DA TORRE ("O Galo")	36	Fusilado	1-10-1936	A Coruña	PSOE Alcalde
20	MANUEL ALLEGUE REGUEIRO	24	Fusilado	5-10-1936	Ferrol	Mariño de guerra
21	GERMÁN LÓPEZ PÉREZ ("O Marulán")	34	Paseado co seguinte	23-10-1936	Parada-Ordes	UGT
22	FRANCISCO BARREIRO PERMUY ("O Paragüero")	21	Paseado	23-10-1936	Parada-Ordes	Juventudes Comunistas
23	JOSÉ CARRO PENA ("O Cagamaterias")	30	Paseado	27-10-1936	San Tirso-Abegondo	CNT
24	BERNARDO MIÑO ABELENDA	67/70	Paseado xunto cos 3 seguintes*	28-10-1936	Betanzos	PSOE e UGT Concelleiro
25	ANTONIO LAGARES GÓMEZ	51	Paseado	28-10-1936	Betanzos	PSOE e UGT
26	CAMILO NAVEIRA FERREÑO	26	Paseado	28-10-1936	Betanzos	CNT
27	MANUEL FERNÁNDEZ	17	Paseado	28-10-1936	Betanzos	PC
28	FRANCISCO FRAGA GARCÍA ("O Coducho")	28	Fusilado	24-11-1936	A Coruña	CNT
29	MANUEL MUÑOZ OTERO	33	Fusilado	27-01-1937	Ferrol	Mariño de Guerra
30	AURELIO CASTILLO BARREIRO	32	Fusilado	9-10-1937	A Coruña	CNT
31	JOSÉ MASEDA VAAMONDE ("O Calderetero")	28	Fusilado	26-01-1938	A Coruña	CNT
32	CELESTINO VEIGA ÁLVAREZ ("O Caganopino")	23	Fusilado	18-11-1938	A Coruña	CNT
33	FRANCISCO CORTIÑAS DÍAZ	44	Asasinado na rúa por un garda civil	09-03-1939	Betanzos	Sen afiliación cofecida
34	JOSÉ VAAMONDE VALIÑO	46	Morre en prisión	20-09-1939	A Coruña	CNT

* Ademais o mozo FRANCISCO MORENO, de 20 anos, da UGT, tamén foi levado a pasear cos outros catro, resultando unicamente ferido e dado por morto, sobrevivindo a este dramático suceso. A causa diso ficoulle o alcume de "O Fusilado" ou "O Paseado". ELABORACIÓN: XESÚS TORRES REGUEIRO

AS VÍTIMAS BETANCEIRAS DA REPRESIÓN

(por orde alfabética)

ALLEGUEREGRUEIRO, MANUEL

Cabo de artillería da Armada, de 24 anos, tripulante do torpedeiro T-2. Fusilado en Ferrol o 5 de outubro de 1936 e enterrado en Betanzos.

O seu fusilamento apareceu na *Voz de Galicia* o día 8, que daba noticia tamén de que tiña contraído matrimonio na prisión pouco antes da execución coa betanceira María Viqueira Lago (e non López como di a noticia de prensa), «a Rañada», de 20 anos, veciña da casa paterna. Esta, que era veciña del, posteriormente, casaría de novo e marcharía para Buenos Aires, onde tiña familia:

En el Arsenal del Parque, según oportunamente noticié a La Voz, fueron pasados por las armas, por traidores a la Patria, cuatro tripulantes del «Torpedero 2». Figuraba entre ellos el cabo de Artillería de la Armada Manuel Allegue Regueiro.

Este, momentos antes, contraíu matrimonio con María Viqueira López, oficiando el mismo padre franciscano que atendió a Allegue en sus últimos momentos.

Era fillo de Manuel Allegue Pérez, «cabo de mar en exercicio» e posteriormente «Comandante Puerto», e de Rita Regueiro Miguez, naturais ambos de Castro, Miño. O irmán maior, José, tamén era mariño. Outros irmáns eran Daniel J., Antonio e María Josefa. Vivían na casa número 10 da rúa da Ribeira, onde hoxe é a tonelería Lagoa.

Non o atopamos no padrón de 1935 nin no de 1931, quizá por estar aveciñado en Ferrol. Si aparece, en cambio, na renovación do censo electoral de 1934, aveciñado na Ribeira, nº 10, con 22 anos, solteiro, de profesión mariño e vivindo coa nai, viúva.

No folleto «Betanzos honra a sus mártires...» aparece erroneamente datado o seu fusilamento o 27 de xaneiro de 1937, xuntamente co tamén mariño betanceiro Manuel Muñoz, tres meses despois da data real:

27 de Enero de 1937.— Manuel Muiños [erro por Muñoz] Otero y Manuel Allegue, Maestre de Marinería el primero y Cabo de mar el segundo, ambos también de Betanzos, son fusilados en Ferrol, tras haber sido juzgados por un tribunal sedicioso que los condenó a muerte por haberse mantenido leales a la República.

(Betanzos honra a sus mártires», páx. 11)

Suárez Martínez na súa obra *Guerra Civil e represión en Ferrol*, reférese aos mariñeiros do Torpedero T-2, entre os que se atopaba Allegue:

O torpedero T-2. Na causa 65/36, por suposta sedición, serán procesados trece tripulantes dese navío: catro son condenados a morte, cinco a reclusión perpetua, tres a vinte anos e un é absolto. Os feitos suceden o 21 de xullo cando o navío foi enviado polos xefes da Base de Ferrol á capital da provincia, por mor da «rebelión marxista» na Coruña, e estando nesas augas, varios da tripulación resistíronse a obedecer ós seus superiores cando se dispoñían a inmovilizar ó gardacostas «Xauen», detendo ó comandante e ó segundo e desembarcándoos en Pontedeume, a cargo de civís armados, «si bien haciendo constar que nada malo habían hecho los indicados Oficiales detenidos y que si los desembarcaban era porque no tenían confianza en ellos»,

segundo a sentenza, que ademáis recolle que a dotación entregouse logo sen resistencia ós sublevados.

O tribunal da causa está presidido polo contralmirante Sánchez Barcaiztegui, sendo vocais os capitáns de navío Piña e Basterreche, os coroneles Manso e Liaño, e o tenente coronel maquinista Díaz. Condenados á pena capital o 24 de setembro de 1936, como xefes e promotores da sedición, son: Francisco Alonso, auxiliar de máquinas, de Ferrol, 39 anos; José Linaza, cabo de artillería, 24 anos, tamén de Ferrol; Manuel Allegue, cabo de artillería de 24 anos, de Betanzos, e Francisco Díaz Quelle, 32 anos, cabo de mariñeiría, da Graña.

A execución dos catro realízase o 5 de outubro de 1936 ás seis da tarde, na «Punta del Martillo».

BARREIRO PERMUY, FRANCISCO

De 21 anos, solteiro. Coñecido popularmente polo alcume familiar de «O paraguero», aínda que era fotógrafo como o pai. Nacera en Vilagarcía de Arousa. Pertencía ás Juventudes Comunistas. Segundo o folleto devandito foi «paseado» na zona de Curtis:

30 de Octubre.— Es «paseado» y asesinado cerca de Curtis, Francisco Barreiro Permuy, fotógrafo, afiliado al Partido Comunista.
(*Betanzos honra a sus mártires*, páx. 11)



Francisco Barreiro. Xentileza do seu sobriño Manuel Barreiro.

Aínda que, en realidade, o seu asasinato produciuse en Ordes, na parroquia de Parada, e o seu corpo atopouse o 23 de outubro de 1936 xunto co de outro betanceiro, Germán López Pérez, segundo consta nas respectivas actas de defunción asentadas no rexistro civil de Ordes.⁶

No padrón de finais de 1935, Francisco figura con 20 anos, solteiro e fotógrafo de profesión, vivindo no nº 31 da rúa Castro de Unta-Pozo cos pais e tres irmáns. É fillo de Antonio Barreiro Belmonte, de 50 anos, natural de Ourense, fotógrafo de profesión, e de Josefa Permuy Agrez, de 45 anos, natural de Ferrol e dedicada aos seus labores. Os irmáns son: Manuela, de 22 anos; Ramón, de 18 anos, e Antonio, de 16 anos, solteiros e nados en Vilagarcía de Arousa. Levan 15 anos residindo en Betanzos, a onde chegarían cara o ano 1920.

Na xa citada acta de defunción, asentada o día 24 de outubro co número 152, figura como «Un hombre desconocido» de 20 a 25 anos, «hallado en el día de de ayer en el punto conocido de «Pinar da Torre» de la parroquia de Parada en este termino carretera de Portobello a Malpica, sección de Ordenes a Carballo kilómetro 1 hectómetro 9». A causa da morte «traumatismo craneal producido por proyectiles de arma corta de fuego.» Consígnanse como datos persoais «que el finado era alto pelo y ojos castaños muy oscuros con barba poco poblada del mismo color, vistiendo traje castaño a listas, camisa azul de tela Mahon,

con dos elásticos uno azul con franjas transversales blancas y otro de verano sin mangas blanco calcetines negros calados, zapatos negros y calzoncillo de lienzo blanco y boina negra.».

En nota ao marxe consta o seguinte:

«En virtud de carta-orden de la Superioridad de 30 de Octubre último, se hace constar que esta inscripción de defunción corresponde a Manuel Barreiro Bermuy, nacido en cinco de Marzo de mil novecientos quince, soltero, hijo de Antonio Barreiro Belmonte y de Josefa Bermuy Agra, natural de Rianjo y vecino de Betanzos.

Y que conste y en cumplimiento de lo mandado, consigno la presente en Ordenes a cuatro de Noviembre de mil novecientos cuarenta y tres.

El Juez mpal. Supte. Jesús Castro (asinado) El Secretario (sinatura ilexíbel).»

Hai nestes datos diverxencia no nome propio, nos apelidos maternos e no lugar de nacemento da vítima, aínda que non cabe dúbida que se trata da mesma persoa.

Barreiro participara (contratado ou como empregado) nas requisas de trigo aos propietarios rentistas, cobrando en especie o imposto co que o goberno municipal do Frente Popular gravaba aos acaparadores do grao. Isto, ademáis da súa militancia política, poñeríao posiblemente no punto de mira dos elementos máis reaccionarios da cidade.

CALVIÑO BABIO, MANUEL

Chófer de 38 anos. «Paseado» o 9 de setembro de 1936 na Espantosa (Betanzos), debaixo da ponte do ferrocarril, xunto con Juan Moreira Suárez, a quen acollía agochado na casa. Pertencía á UGT.

No censo electoral de 1934 aparece con 33 anos, labrador de profesión. Nacera no lugar de Illobre. No padrón de 1935 aparece aveciñado en Vista Alegre nº 3, coa muller



Arriba, Francisco Barreiro, con boina, nunha fotografía familiar. Á dereita, o seu irmán Tucho. Xentileza do seu sobriño Manuel Barreiro. Abaixo, Manuel Calviño Babio na súa etapa do servizo militar. Xentileza do seu sobriño Antonio Rivas Calviño.

Encarnación Seijo Ramos, de 31 anos, e dúas fillas: María, de 13 anos e Antonia de 7. A muller e as fillas marcharían posteriormente de Betanzos por mor dos destinos dos maridos destas. Figura unha cruz (†) ao lado do seu nome, colocada posteriormente na revisión do padrón, indicando a súa morte.

A súa irmá casou cun Rivas, tamén chófer, de Autos Rivas, e o fillo maior, Toñito, criouse con eles mentres a parella non casou ou tivo vivenda propia. Outro dos fillos da irmá, «Rolecho», era afillado de Manuel Calviño e leva o seu nome.

Calviño foi chófer particular da familia Do Pico-Sas, coñecidos como «os da Reja» que teñen a finca da Magdalena. Posteriormente facía servizos nun vello Chevrolet.

Parece ser que un veciño de Vista Alegre, o da casa nº 1, persoa de dereitas, soubo que agochaba a Moreira e denunciouno. A garda civil e un grupo de milicianos foronos buscar á casa, aparecendo os seus corpos debaixo da ponte do ferrocarril da Espantosa, saíndo cara A Coruña.

No Rexistro Civil de Betanzos non figuran as súas actas de defunción.



*José Carro Pena.
Xentileza da familia Carro Vales.*

CARRO PENA, JOSÉ

Coñecido popularmente polo alcume de «O cagamaterias», que en realidade era alcume do seu pai. Xornaleiro de 30 anos segundo o padrón, aínda que tamén era areeiro. «Paseado» o 27 de outubro de 1936 en San Tirso (Abegondo). Pertencía á CNT.

O seu asasinato recólle o folleto deste xeito:

27 de Octubre.— José Carro afiliado a la C.N.T. es perseguido a tiros por las calles de Betanzos, cayendo gravemente herido en el vientre cerca del hospital. Fue recogido, y con el pretexto de trasladarlo al hospital de Santiago, para su curación, lo metieron en un coche llevándolo hasta el Crucero de Santiso [será San Tirso, en Abegondo], en el ramal de Meangos, donde fue rematado y su cadáver lanzado a la cuneta.

(«Betanzos honra a sus mártires», páx. 10)

Non puidemos comprobar se a data do asasinato era correcta, pois de existir acta de defunción no rexistro civil de Abegondo, esta ardería na queima do xulgado provocada, ao parecer, pola guerrilla en 1948 e na que arderon todos os arquivos.

No padrón de 1935 aparece domiciliado na rúa da Magdalena, nº 8, coa súa muller Manuela Gómez Amor, tamén de 30 anos, e os fillos José (10 anos), Josefa (8 anos), Aurea (4 anos) e Enrique (6 meses). Aínda nacería posteriormente María Luisa, da que quedaba preñada a nai. Con eles vivía tamén Manuel Carro Pena, de 14 anos, irmán de José, invidente dun ollo por un accidente na infancia e que sería vendedor do cupón de cegos moitos anos.

Uns anos antes vivía tamén con eles, mentres estivo solteiro, outro irmán de José, Enrique «o Lila», encausado (causa 508/37) e que se safou da represión ao incorporarse ao fronte como chófer.

José Carro tiña dúas lanchas que se dedicaban á extracción de area na ría. Secundou un boicot do sindicato de Profesións Varias, adscrito á CNT, aos almacenistas e comerciantes irmáns Babío negándose a servirilles area. Segundo Jesús Lavandeira «Ladrillo» (conversa mantida o 8-IX-1986), José Carro foi agredido e, posteriormente, «paseado» en represalia por aquel feito. Efectivamente, o 24 de novembro de 1933 Carro recibiu de Emiliano Babío dous tiros nunha perna, feito denunciado polo sindicalista e ferroviario Miguel Navarro no órgano CNT de Madrid, cando lle requería na Ponte Nova o pago da area que lle negara e o industrial requisara co «amparo» da Garda Civil, mentres un notario levantaba acta da «expropiación».

A versión que quedou na familia sobre a súa morte e nos conta o fillo maior coincide bastante coa exposta no folleto: Un grupo de milicianos e gardas civís foino buscar de noite á casa. Parece que a muller botouse a berros detrás deles ata a Ponte Nova. Un dos milicianos, veciño de Carro, debeulle facer un sinal para que fuxira á altura do hospital de San Antón, pero outro dos do grupo (o garda civil Sebastián) reaccionou e disparou contra el. Logo, como di o folleto, co pretexto de trasladalo a Santiago, consumaron o seu asasinato en San Tirso. O seu corpo sería atopado e recoñecido por un betanceiro que se dirixía a unha feira, quen avisaría á familia. Uns parentes, dos «Carabineros», tío e curmán, trasladáronse alí e enterrárono en San Tirso.

CASTILLO BARREIRO, AURELIO

Pintor de profesión, de 32 anos. Coñecido polos alcumes de «Santanderino», «Dandy» e «Noy». Nacera en Santander, onde traballara súa nai de cociñeira no palacio da Magdalena e casara cun carabineiro viúvo. Viviu un tempo en Barcelona (daí o de «Noy») onde residían familiares, e logo veu para Betanzos onde vivía súa nai viúva. Foi detido o 14 de abril de 1937 e conducido á Coruña o 27 do mesmo mes. Fusilado o 9 de outubro de 1937 na Coruña ás seis da mañá xunto con outros vinte. Pertenceu á CNT, sindicato no que desempeñou cargos directivos.

No padrón de 1935 aparece domiciliado na rúa das Monxas, nº 7 – 2º. Estaba casado coa betanceira Consuelo Varela Ribas, de 32 anos, e tiña unha filla de meses, Finita.

Na mesma casa, no 1º andar, vivía a súa nai, Aurelia Barreiro Lestide, viúva de 56 anos, cos outros fillos: Ramiro Barreiro Lestide, pintor de 33 anos, que tivera solteira, e Inés Castillo Barreiro, de 23 anos.


No folleto dos mártires o seu fusilamento aparece datado erroneamente o 16 de novembro de 1936, é dicir case once meses antes da data real:

16 de Noviembre.— Aurelio Castillo, de la C.N.T.. es fusilado en La Coruña, donde fue condenado a muerte por un tribunal sedicioso.
(«Betanzos honra a sus mártires», páx. 11)

A noticia do seu fusilamento e dos outros vinte publicouse en *La Voz de Galicia* o 10 de outubro de 1937 co titular «La Coruña: Ayer fueron pasados por armas varios traidores a la Patria». ⁷

Nun oficio do Comandante do posto da Garda Civil de Betanzos ao Sr. Xuíz Militar Permanente da 8ª División, datado o 27 de abril de 1937, dise que Castillo, «conocido por `El Dandy`» xa se atopa detido «a su disposición», mentres que se cita a outros doce betanceiros sobre os que pesaba orde de detención:

Pedro Rey Bermúdez (a) «El Moco» de 24 años jornalero, hijo de Juan y María, natural de Betanzos, se encuentra sirviendo como soldado en el Frente de Madrid, ignorando su paradero. Tomás Fuentes (a) «Cornán» de unos 26 años, natural de Betanzos, jornalero, hijo de Manuel y Manuela; fué fusilado en Ferrol. Enrique Carro Pena (a) «El Lila» de 29 años, chofer, hijo de Serafín y de Ramona, natural de Betanzos, se encuentra en León (Frente) con un camión al servicio del Ejército. Ricardo Vilarnovo, natural de Betanzos de 22 años, hijo de Ricardo y de Carmen; incorporado en el Ejército en Tagica San Sebastián. Francisco López Couce (a) «Cela» de 49 años, natural de Irijoa; se halla en una Bandera del Tercio en el Frente de Madrid con empleo de Brigada. Antonio López Salorio (a) «El Goro» de 26 años, labrador, natural y vecino de Betanzos hijo de Antonio y de Antonia; ausente en ignorado paradero por hallarse fugado desde la iniciación del Movimiento. Antonio Vázquez Pérez (a) «Cheirumen» de 25 años, jornalero, vecino de esta Ciudad, hijo de Antonio y Carmen, fugado y se ignora su paradero. Enrique Sónora Couceiro (a) «El Chofer», de 23 años, herrero, natural de Betanzos, hijo de José y María; fugado en ignorado paradero. Carmen Lage Dapena, (a) «La Gayola», de 39 años, natural de Padernes y vecina de Betanzos; fugada en ignorado paradero. Luis Naveira N. (a) «Besugo» de 33 años, hijo de Manuela, natural y vecino de Betanzos; desaparecido, se le cree fallecido. Arturo Filgueira Eiroa (a) «El Mona», natural y vecino de Betanzos, hijo de Francisco rado voluntario en la bandera de Falange de Betanzos con destino en Cangas del Narcea (Asturias) y Antonio Góme [sic], de 22 años; se halla de soldado en el Grupo de Transmisiones 2ª Compañía Frente de Santa Qui..... Zaragoza.» [Os puntos suspensivos corresponden a partes ilexíbeis do documento.] 8



*Aurelio Castillo Barreiro
Xentileza da súa filla Finita Castillo.
Debaixo, a súa sinatura nun documento
da CNT como secretario da mesma.*

Na inscrición de defunción no Rexistro Civil da Coruña, segundo copia da certificación literal que nos facilitou a filla de Castillo, rectificouse a 9 de xuño de 1940 a causa real da morte («pasado por las armas») pola de «hemorragia interna», cousa esta que se aplicou a todos os que foran fusilados por sentenza de tribunais militares para rectificar o «error padecido en las inscripciones en los libros de este Registro Civil». As autoridades militares fascistas pretendían anular así os fusilamentos con efecto retroactivo.

CORTIÑAS DIAZ, FRANCISCO

Un dos trece fillos do boticario Cortiñas que tiña farmacia na esquina dos Soportais do Campo cos da Fonte de Unta. De 44 anos, «propietario», solteiro. Asasinado na rúa do Castro, á altura do comercio de Concheiro, o 9 de marzo de 1939 polo garda civil Juan Guisando Garrido, alcumado «o Caganabota» (o falso «Caganabota», polo seu parecido cun betanceiro coñecido por ese alcume, que sería o verdadeiro), quen lle requiriu unha máquina de escribir que pertencía ao seu irmán Luis (avogado, antigo membro das Irmandades da Fala, militante de ORGA (Organización Republicana Gallega Autónoma) que lideraba Casares Quiroga, e posteriormente de Izquierda Republicana na que se fusionou aquela) que estaba encarcerado en Pamplona. Seica era home de dereitas e moi relixioso. O seu asasino, encausado por «homicidio» (sumario nº 193) foi encarcerado no castelo de San Antón e alí parece ser que se suicidou. Francisco Cortiñas debeuse negar á requisitoria do garda civil e resistíriase a ser levado detido, o que provocou o alporizamento do garda que lle dispararía ao ver que se marchaba sen facerlle caso. Un neno resultou ferido nunha perna ao rebotar unha das balas que disparou o garda. O asasinato era difícil de asumir mesmo como crime «político» e ademais Cortiñas tiña amizade, ao parecer, con don Jesús García Iribarne, home forte do momento que sería Alcalde nesa época, circunstancias que darían co asasino en prisión.

No folleto dos mártires recóllese deste xeito o seu asasinato:

29 de Noviembre del 38.— Muere asesinado en plena plaza de Betanzos Francisco Cortiñas Díaz, de tendencias derechistas. Lo asesina un guardia civil al negarse a entregar una máquina de escribir, propiedad de su hermano Luis, que se encontraba detenido.
(*Betanzos honra a sus mártires*, páx. 12)

Sen embargo, a data real da súa morte foi o 9 de marzo de 1939, segundo a acta de defunción que figura no rexistro civil de Betanzos labrada o día 11 dese mes. Nesta consta que a súa morte se produciu en «su domicilio», Praza de García Irmáns 4-2º, a consecuencia de «hemorragia interna en la cavidad abdominal» (a última palabra pouco lexíbel).

No padrón de 1931 aparece aveciñado na casa materna da Praza dos Irmáns García Naveira, 4-2º, xunto cos irmáns: Rosario, de 40 anos daquela, quen figura como cabeza de familia, e Luis, avogado de 30 anos; ademais dunha sirventa Asunción Veiga Cao, natural de Paderne, de 35 anos. Francisco figura como «Rentista» no apartado de profesión, oficio ou profesión. Sen embargo, no padrón de 1935 non aparece residindo nesta casa, aínda que parece que vivía alí coa súa irmá Rosario. Tampouco aparece xa o irmán Luis, que daquela xa vivía na Coruña exercendo a súa profesión.

O seu irmán Luis (Betanzos, 1900-Rosario, Arxentina, ¿) referirase a el no seu libro de memorias «*Traición consagrada (La gran derrota del pueblo hispano)*» publicado na Arxentina en 1958:

«...Procuré que mi familia empleara toda su influencia para que me trasladaran a un lugar menos desagradable y de mejor clima. Y mis hermanos, que nada me habían ayudado —como buenos clericales—, no hacían más que engañarme. En toda la vida esos dos hermanos mayores hicieron otra cosa que engañarme. Francisco cuando aparentaba quererme, dándome consejos que él me obligaba a tener que seguir, hizo su testamento (ya antes de la guerra) excluyéndome de hermano; y los demás hermanos se extrañaron, pero lo encontraron bien, o por lo menos no pusieron reparo a tal disposición, distribuyéndose la herencia de Francisco Cortiñas, sin tenerme en

cuenta para nada. Sin embargo, ni por la imaginación me pasó nunca negar el parentesco que nosotros todos exhibimos. Esa es la ejemplaridad que pueden venir a ostentar, al final de cuentas, los Cortiñas de Betanzos... y es mejor no seguir hablando.» (o.c., páx. 112).

«Al salir del penal (con ayuda de un alemán casado con una prima) me enteré de la muerte de mi hermano Francisco, a quien alguien atribuyó a un castigo del Cielo por lo mal que se había portado conmigo. Sin embargo yo le tengo perdoando el mal que me hizo antes, y durante esta maldita guerra.» (o.c., páx. 130)

EDREIRA SEOANE, JOSÉ

Coñecido popularmente polo alcume familiar de «O Chuno». Soldado da Marina de 21 anos, solteiro, que se encontraba de permiso na casa, «franco de ría». Foi «paseado» o 13 de agosto de 1936 nun monte de A Reborica (Aranga), segundo o folleto dos mártires, xunto cos tamén betanceiros Antonio Maceiras e Antonio López, aínda que no rexistro civil de Aranga non aparece ningún dos tres. Edreira estaba en Betanzos nos días do golpe militar e debeu participar na resistencia ás tropas. Foi a buscar ao anoitecer á casa a Garda Civil acompañada dalgún miliciano, co pretexto de facerlle unha declaración. A nai díxolles que agardaran que lle prepararía algún alimento para levar e a resposta daqueles foi que non era necesario porque era unha dilixencia que ía ocupar pouco tempo. Cando a nai acudiu ao día seguinte ao cuartel xa lle dixeron que o fillo non estaba alí. O pai e os irmáns percorreron a comarca en cabalo, bicicleta e en taxi polas zonas onde aparecían os cadáveres dos paseados. Terminaron por dar con el, que ao parecer estaba intacto (ou esa foi a información que deron para consolar e tranquilizar, dentro da desgracia, ao resto da familia) ao contrario dos outros dous compañeiros que estaban comestos das alimarias. Hai versións populares que din que o seu cadáver apareceu coas «súas partes» na boca; outros aplican esta versión a outras vítimas betanceiras.

No censo de 1935 aparece domiciliado na rúa da Marina nº 51, xunto cos seus pais e cinco irmáns. É fillo do carpinteiro Fermín Edreira Ferreira, de 51 anos, e de Dolores Seoane González, de 46 anos. Os outros irmáns que figuran no domicilio paterno son Manuel (25 anos), Carmen (19 anos), Luciano (16 anos), Dolores (13 anos) e Estrella (8 anos). Había outra irmá, Antonia, de 22 anos que xa estaba casada.

FERNANDEZ PÉREZ, MANUEL

Mecánico de 18 anos, segundo o padrón. «Paseado» na madrugada do 28 de outubro de 1936 na Casilla de San Paio, no quilómetro 2 da estrada a Ferrol, xunto con Bernardo Miño, Antonio Lagares, Camilo Naveira Ferreiro e Francisco Moreno (quen, afortunadamente, sobreviviu)⁹. Foi este o último dos «paseos» de betanceiros e o que afectou a máis persoas. Tamén o que quedou máis fixado na memoria dos veciños da época.



José Edreira nunha foto do servizo militar. Xentileza da súa irmá Estrella Edreira Seoane.

Manuel Fernández Pérez, «o Chacho» (fillo da «Chacha»), de 18 anos, solteiro e mecánico de profesión, vivía na casa número 43 da Rúa Nova cos pais Manuel Fernández Iglesias, de 60 anos, empregado, e María Pérez Pazos, de 43 anos. O seu nome aparece marcado cunha cruz (†) colocada nalgunha revisión posterior do padrón. Parece ser que traballaba no taller de Couto.

Pertencía ás Juventudes Comunistas. Precisamente, no nº 41, a casa do lado, vivía coa súa familia o fotógrafo Andrés Carro Silva, coñecido polo «Retratista», un dos líderes dos comunistas da localidade e que quizá tería influído ideoloxicamente no seu veciño.¹⁰

Na acta de defunción inscrita no rexistro civil de Betanzos o día 3 de novembro de 1936, figura con 17 anos e dise que faleceu «en el Puente de San Payo el día veintiocho de Octubre pasado a las tres horas aproximadamente a consecuencia de hemorragia interna, intra-torácica, según resulta de diligencia de autopsia y reconocimiento practicado, y su cadáver habrá de recibir sepultura en el Cementerio de Betanzos.»

FRAGA GARCÍA, FRANCISCO

Coñecido popularmente por «Coducho». Camareiro do Café Barreiro, de 28 anos. Pertencía ao Sindicato de Oficios Varios, adscrito á CNT, no que desempeñou o cargo de vocal en 1934.

Foi detido, xunto con José Naveira e José Camba, o 22 de xullo de 1936 nas proximidades de Palavea pola Garda Civil, cando viaxaban nun automóbil requisado que conducía o primeiro, incautándolles diversas armas. Xulgado na Coruña en consello de guerra, acusado de tenencia de explosivos e rebelión, foi condenado a morte, mentres que José Camba era condenado a cadea perpetua, sendo posto en liberdade José Naveira (dos «Listida»), o conductor do vehículo. Foi fusilado o 24 de novembro de 1936 na Coruña.

No padrón de 1935 aparece aveciñado na Ribeira, nº 89, casado con Julia Fraga Vázquez, de 28 anos. Teñen catro fillos: Francisco (6 anos), José (5 anos), Julio (1 ano) e Antonio (6 meses). A carón do seu nome aparece unha cruz. (†) colocada na revisión do padrón. O fillo menor, Ricardo, non rexistrado nese padrón, naceu en febreiro de 1936.

Na praca que o Centro Betanzos de Buenos Aires lles dedicou aos «mártires betanceiros» aparece erroneamente como Francisco García, tomando o seu segundo apelido como primeiro. Tamén no folleto «Betanzos honra a sus mártires», en realidade editado en Buenos Aires e que serviu de base á praca, refírese a el como Francisco García Coducho:

23 de Octubre.— También es fusilado en La Coruña Francisco García Coducho, afiliado a la C.N.T., por virtud de sentencia dictada por un tribunal militar sedicioso que lo condenó a muerte.

(«Betanzos honra a sus mártires», páx. 10)

De igual xeito, a data do fusilamento tamén é errónea. Quizá faga referencia á data do xuízo que si se celebrou nese mes de outubro.

Posuímos un resume da causa que se lle seguiu, facilitada polo historiador Bernardo Máiz, que di así:

Resume da Causa

Causa 118/36.- Tenencia de explosivos / rebelión

Acusados: Francisco García, camareiro. Pena de morte.

José Camba Chas, Aserrador. Cadena perpetua.

Kuiz Instructor: Ignacio Olavide Torres (capitán de infantería)
 Presidente do Consello de Guerra: José Durán Salgado (teniente coronel)
 Fiscal: Hernán Martín-Barbadillo y Paul.
 Defensor: Eduardo Ozores Anariz
 Aurelio Montes de la Rosa

Unha patrulla da Garda Civil ao mando do teniente Jaime Lorenzo Antela, persegue e intercepta nas inmediaciones da Ponte da Pasaxe un coche o 22 de xullo de 1936. Conducía José Naveira de 35 anos e levaba como ocupantes a Francisco Fraga García «Coducho» e José Camba Chas, con 27 y 30 años respectivamente. Os tres eran veciños de Betanzos. Os gardas civís requisaronlles diversas armas, como un mosquetón, unha pistola Astra de 9 milímetros, dúas escopetas e cartuchos de dinamita. Parte do armamento tñano arroxado pola ventaniña do coche durante o intento de escapar.

O conductor declara á Garda Civil que o coche pertence aos irmáns Agustín e Manuel Corral e que é o chofer de ambos. Tamén declara que os outros dous ocupantes requisaran o coche «amenazando por la fuerza a mi amo» e o obrigaran a traballar como chofer. Afirmo que nestes días estivo facendo continuas viaxes para entregar e repartir armas a grupos de homes «que saludaban con el puño cerrado dando vivas a U.H.P.»

Os irmáns Corral declaran en idéntico sentido e fan constar que José Naveira «profesa de siempre el ideario derechista». A autoridade militar ponno en liberdade sen cargos.

Respecto a Francisco Fraga García «Coducho», a Garda Civil de Betanzos informa que é anarquista e José Barreiro Raposo, propietario do Café Barreiro, onde o acusado traballa, di que é boa persona y considera «que pertenecer al Partido Sindicalista no es motivo para castigarle». Respecto a José Camba, varios testigos definenno como un individuo «ofuscado, inculto, sin criterio y fácil de manipular, que había trabajado en la campaña electoral en contra del Frente Popular». O acusado afirmou que trala victoria del Frente Popular os seus compañeiros de aserradeiro obrigaron a afiliarse á CNT, aceptando unirse a eles por medo. O cura párroco defende ao afirmar que «si hizo algo sería forzado».

O seu defensor, Aurelio Montes de la Rosa argumentou que nos primeiros días do Alzamiento houbo moita confusión e unha persoa sen ideas claras e sen carácter pode ser arrastrado polo medo a unirse a determinados grupos. Tamén indica que «hasta la fecha solo se ha fusilado a los cabecillas y evidentemente José Camba no lo es».

O xuízo celebrouse en Outubro. O Tribunal condena a Francisco Fraga García a pena de morte (foi fusilado o 24 de novembro de 1936) e a cadea perpetua a José Camba.

FUENTES VELÓN, TOMAS

Xornaleiro de 25 anos, solteiro. A veces o segundo apelido aparece escrito como Belón. Fusilado en Ferrol o 26 de xullo de 1936 xunto co tamén betanceiro Julio Sas, sendo as dúas primeiras vítimas betanceiras e tamén os primeiros fusilados en Ferrol, e soterrado no antigo cemiterio de Canido. Do fusilamento



Tomás Fuentes Velón na súa época de educando na Banda Municipal de Betanzos.

de ambos deuse noticia na prensa (*La Voz de Galicia, El Progreso...*). Pertencía á CNT e atribuíuselle o cargo de Presidente, cousa que non nos consta, pois ese cargo desempeñárono Alfonso Ferreiro, José Fernández Cortés «o Callobrés», Juan Castro López, Pedro Vázquez, Manuel Vicos (estes tres, interinamente, apenas uns meses), e Jesús Lavandeira «o Ladrillo», entre 1931 e 1936, segundo os datos que temos. O seu irmán Luis si figura como contador en 1934. O erro creo que provén dos cargos que se lle atribúen a el e ao seu compañeiro de martirio no folleto citado:

El día 26, o sea cuatro días después [reférese ao día 22 en que os sublevados ocuparon a cidade], dos jóvenes betanceros Tomás Fuentes Belón y Julio Sas, Presidente y Secretario del Sindicato local de la C.N.T. eran detenidos y conducidos a Ferrol, donde fueron fusilados inmediatamente, sin formación de causa.

(*Betanzos honra a sus mártires*, páx. 8)

Tomás vivía cos pais e catro irmáns na Magdalena nº 16. É fillo de Manuel Fuentes Crespo, de 49 anos, xornaleiro, e de Manuela Velón Salorio, tamén de 49 anos. Os outros irmáns que convivían con el nese intre eran: Lourdes (21 anos), Carmen (19 anos), Magdalena (14 anos) e Josefa (9 anos). Outros irmáns maiores, como Antonio e Luis, tamén militantes da CNT e dirixente o segundo, xa vivían emancipados. Tanto Tomás como os dous irmáns citados formaron parte (nalgún momento) da banda de música municipal.

A noticia do fusilamento de Tomás Fuentes e o seu compañeiro Julio Sas saíu publicada na prensa, con algún erro nos apelidos:

DOS PAISANOS FUSILADOS

Ferrol.- A las cuatro de la madrugada del domingo fueron fusilados los paisanos Julio Sas Barroso, de veintisiete años, y Tomás Fuentes Velo, de ventiocho años, ambos vecinos de Betanzos.

Se negaron a recibir los auxilios espirituales.

De la ejecución se encargó una sección de fuerzas del Ejército.

Habían sido detenidos en la carretera de Betanzos a Ferrol con armas, con las cuales agredieron a la fuerza armada.

(*El Progreso*. Lugo, 29 xullo 1936)

Na Causa 508 contra Aurelio Castillo e outros, celebrada o 24 de Xullo de 1937 e na que tamén estaba imputado Tomás Fuentes lese que

«No se consignaron cargos contra el mismo por resultar de lo actuado que ha fallecido el veintiseis de Julio del pasado año a consecuencia de haber sido pasado por las armas, según certificado de defunción que se une al folio 40.»

Suárez Martínez (o.c.) reférese tamén a estes fusilamentos:

En Ferrol os primeiros fusilados, o 26 de xullo, son veciños de Betanzos; trátase de Julio Sas e Tomás Fuente, executados por hostigar ás forzas militares na estrada que leva a esa localidade, segundo a versión oficial. O fusilamento, por un piquete do rexemento de infantaría de Mérida 35, tén lugar no cemiterio de Canido. A prensa difunde que se lles aplicou o art. 41 do bando de estado de guerra, que castiga a tenencia de armas.

GARCÍA ESTRADA, ANTONIO

No rexistro civil de Betanzos figura a partida de defunción deste mozo, que di deste xeito:

En Betanzos, provincia de La Coruña a las diez y siete horas del día veintiocho de agosto de mil novecientos treinta y seis

Ante D. Alfredo Curiel Rodríguez Juez municipal y D. Andrés Brage Bouza Secretario suplente se procede a incluir la defunción de Antonio García Estrada de diez y ocho años natural de La Coruña provincia de idem hijo de Leonardo García Carro y de Dolores Estrada domiciliado en el lugar de la Infesta parroquia de Requián, de profesión labrador y de estado soltero sin sucesión falleció en su domicilio el día de ayer a consecuencia de hemorragia interna según resulta del informe facultativo y reconocimiento practicado, y su cadáver habrá de recibir sepultura en el Cementerio de Betanzos. Esta inscripción se practica en virtud de carta orden de la Superioridad recibida en el día de hoy (...)

No padrón de 1935, nin no anterior de 1931, non atopamos a este mozo nin a seus pais, que probablemente levarían pouco tempo residindo na Infesta cando a morte do fillo.

LAGARES GÓMEZ, ANTONIO

«Paseado» o 28 de outubro de 1936 na Casilla de San Paio, xunto con Bernardo Miño, Camilo Naveira e Manuel Fernández, ademais de Francisco Moreno, que sobreviviu. Parece ser que viñan devoltos da cadea da Coruña, onde estiveran presos, para seren postos en liberdade sen cargos.

Antonio Lagares era labrador e nos últimos anos foi «Inspector de arbitrios municipais». Tiña 51 anos cando o asasinaron. Pertencía á Asociación de Agricultores de Betanzos e á Agrupación Socialista de Betanzos, nas que desempeñou cargos directivos. Nesta foi vocal en 1934 e depositario en 1936.

Nese ano formou parte do goberno provisional da República polo comité Agrario Socialista-Republicano.

En xullo de 1931 participa na fundación da «Unión de obreros y empleados de las Industrias Núñez y Trabajadores del Muelle», vencellada á UGT, da que é vice-presidente, e a finais dese ano é un dos membros organizadores da Cooperativa Socialista.

No censo de 1935 figura como viciño da rúa Saavedra Meneses nº 30 A, coa esposa Josefa García Pandelo, tamén de 51 anos, tres fillos (José, Ricardo e Manuel, de 25, 17 e 14 anos, respectivamente) e a nai viúva. É avó, entre outros, do que foi alcalde de Betanzos entre os anos 1985-2007, Manuel Lagares Pérez (PSde G-PSOE), e do seu irmán Antonio, tamén concelleiro do mesmo partido e deputado provincial durante varias lexislaturas.



*Antonio Lagares Gómez.
Xentileza do seu neto Antonio Lagares.*

LÓPEZ DA TORRE, TOMÁS

Coñecido por Tomás «o Galo». Avogado de 36 anos. Naceu en Betanzos en novembro de 1899. O pai, Francisco López Torres, era un labrego acomodado, colleiteiro de viño, e tivo a concesión do «Estanco» de mistos.

Estudou a carreira de Dereito na Universidade de Madrid. Xa coa carreira rematada instálase como avogado, logo de estar de pasante con don Agustín García, de quen herdaría a clientela.

Casa moi xoven, aos 20 anos, cunha moza de 15. Colaborou coa Irmandade da Fala (publica en *Rexurdimento* o artigo «Encol do nazionalismo», en dúas partes nos nºs 5, 1-X-1922, e 6, 16-X-1922) e foi concelleiro na etapa da Dictadura de Primo de Rivera. O 29 de setembro de 1924 suplica se lle admita a renuncia ao cargo (segundo a Acta do pleno) mais continuaría exercendo o cargo ate 1929. En 1926 é presidente da Comisión de festas patronais. Colabora en *La Voz de Galicia* con varios artigos sobre temas locais.

En 1931 ingresou no PSOE. Pertencía á fracción «Largocaballerista» do partido. Colabora en *El Obrero*, órgano da Agrupación socialista de Ferrol con moitos artigos.

En 1934 foi detido, xunto con Beade e outros, a raíz dos sucesos de Outubro e xulgado en Ferrol. Posteriormente pasou varios meses en Asturias defendendo a obreiros e militantes encausados en consellos de guerra.

Nomeado Alcalde co Frente Popular e Deputado Provincial, apenas exerceu o cargo tres meses.

Segundo o rexistro da cadea de Betanzos¹¹, ingresou nela o 29 de xullo ás 2, sendo conducido á Coruña o 3 de setembro. Xulgado en Consello de Guerra (causa nº 117), foi condeado a morte e fusilado no campo da Rata na Coruña o 1 de outubro de 1936, como se recolle no folleto dos mártires, sendo enterrado en Betanzos:

1º de Octubre.— Es fusilado en La Coruña Tomás López Datorre, del Partido Socialista, Abogado, Alcalde de Betanzos y Diputado Provincial. Fué detenido en compañía de Novo el 22 de julio, sometido a la farsa de un proceso militar y juzgado por un tribunal sedicioso que lo condenó a muerte.

(*Betanzos honra a sus mártires*, páx. 10).

Temos un resume da causa contra Tomás que nos facilitou o historiador Bernardo Máiz:

Causa 177 / 36

Rebelión

Acusado: Tomás López de la Torre

Xuíz instructor: Carlos Mauriz Barcia (comandante de infantería).

Presidente do Consello de Guerra: Francisco Judel Peón (teniente coronel)

Fiscal: Ramón Rivero de Aguilar

Defensor: Esteban López Ipión.

Na instrución destacan que nos primeiros días do Movimiento, Betanzos foi unha localidade onde se rexistrou un importante foco de resistencia contra os golpista, xogando o Alcalde e os seus colaboradores Ramón Beade (ex-deputado do PSOE) e José Novo un destacado papel. Intentou atraerse á Garda Civil e aos carabineros, procedeu a desarmar ás persoas máis significativas da dereita e propuxo resistir. Agardou instrucións do Gobernador Civil, viaxou á Coruña o día 20, armou aos veciños dispostos a loitar pola causa republicana e enviou reforzos á Coruña.

Paralelamente a estas iniciativas, tivo que empregarse a fondo no propio Betanzos contra os intentos dos máis exaltados para tomarse a xustiza por conta propia contra determinadas personalidades

significativas da dereita política. Asaltouse o Liceo, asediouse a casa do comerciante José Babío, a moitodume entrou no Convento de San Francisco e dous sacerdotes foron cercados no seu domicilio.

O fiscal iniciou a súa intervención aludindo á conspiración de xudíos, masones y marxistas que (...) Buscan destruír España implantando una Dictadura Socialista (...) y por lo tanto anticristiana. Era evidente que deseaban utilizar algúns dos incidente sinalados no párrafo anterior para lexitimar o golpe de estado tocando a fibra sensible da relixiosidade dos católicos. Deuse moita publicidade a este caso para amosar á poboación que o alcalde socialista era culpábel de numerosos actos de salvaxismo.

Sen embargo, o desenrolo do xuízo non foi o agardado polas autoridades militares e en boa medida escapouselles das mans, ao ser quen o acusado de presentar un significativo número de testemuñas a seu favor. A defensa construiu unha argumentación baseada en que durante os días que sucederon ao Alzamento, Tomás López da Torre, evitou desmáns e mantivo a orde na cidade dentro das limitacións impostas por unha situación moi tensa e onde conseguiu impor a súa autoridade institucional ás cuadrillas de cidadáns armados, negociando fundamentalmente co líder local da CNT, Purriños. Concretamente citou que:

* Tiña salvado da destrucción o Cuartel da Garda Civil, ao convencer a un elevado número de simpatizantes republicanos que viñeron debidamente armados dende Viveiro, en varios camións, de que los guardias civiles le obedecían.

* Actuou como intermediario entre os líderes anarco-sindicalistas da CNT e o comerciante local José Babío Teijeiro, obxecto dun conflito laboral anterior e que estivo asediado na súa propia casa. Resolveu a situación mediante a entrega dun cargamento de fariña valorado en 500 pesetas.

* Evitou a destrucción do Convento de San Francisco, invadido polos simpatizantes da CNT que tal vez coidaban atopar dentro armas.

* Presentouse diante da casa onde estaban asediados dous curas da localidade que, ao sentírense ameazados, esgrimiron armas de fogo. Cando os sitiadores comezaron a disparar contra a casa presentouse coa Garda Civil e convenceu aos asaltantes para que ambos sacerdotes foran encarcerados, evitando o seu presumíbel linchamento.

* Tamén argumentou ter protexido a destacados dereitistas brigantinos, como Manuel Becaría, Carmen Pita Caramés (de Acción Católica), Carlos Peña Rodríguez e José Calviño Salazar (forense).

Para respaldar esta liña de defensa declararon:



Tomás López da Torre arriba nun retrato e abaixo paseando co seu único fillo

* O brigada da Garda Civil Dimas Llamas Centeno, comandante do cuartel de Betanzos nesas días, quen testemuñou no senso de que como militante socialista debe ser castigado, pero de maneira atenuada ya que con su actitud ha logrado evitar desmanes, agresiones y asaltos en Betanzos.

*Sor Patrocinio Buil, Madre Superiora do Hospital, tamén falou ben de Tomás López da Torre, ao dicir que pese a sus ideas extremistas estivo en todo momento á nosa disposición e evitou que fóramos atropelladas.

* Emilio Romay Montoto, de dereitas, tras deixar claro que tiña rotas as relacións persoais co alcalde, recoñeceu que evitó o trataba de evitar los desmanes (...) salvando del linchamiento a dos sacerdotes (...) Y no me consta que repartiera armas entre la gente.

*Alfredo Curiel, tamén de dereitas, indicou que su comportamiento fue excelente pese a ser militantes socialista.

*Arturo Amor Barallobre, outro xefe da Garda Civil desprazado eses días a Betanzos, indicou que pese a ser enemigo político, creo que evitó desmanes e recoñeceu que lle tiña dito que sino fuera Vd. el Alcalde, aquí habría pasado algo muy gordo.

En sentido parecido declararon Carmen Pita Caramés, Dionisia Ros (Madre Superiora do Refuxio), José Calviño Salazar e Carlos Peña Rodríguez.

A acusación chamou a declarar a numerosas testemuñas, ata sumar xunto aos da defensa case setenta. Puxo énfase en sinalar que se era el lider reconocido por los revolucionarios, siendo respetado y obedecido por estos, tiña que ser evidentemente o responsábel xerárquico dos mesmos e, polo tanto, culpábel. Entre as súas testemuñas declararon:

* José Iglesias García, político de dereitas, que o responsabilizou de todo o ocorrido. Dixo, entre outras cousas, que o alcalde pedira 2.000 peseta a José Babío para protexelo da CNT.

* José Babío Teijeiro. Non falou desas 2.000 pesetas pero acusou ao Alcalde de todos os desordes, aínda que recoñeceu que en todos eses días non saíra da casa por temor a ser atacado.

* Antonio Gómez Iglesias, Comandante retirado do Exército, que o considerou de conducta muy peligrosa (...) aprobaba los desmanes de las hordas marxistas (...) y desde el día 20 se negó a colaborar con el Alzamiento, a publicar el bando declarando el estado de guerra y permitiendo que Betanzos fuera un foco de resistencia organizada los días 20. 21 y 22 (...), él mandó incendiar el convento de San Francisco y volar el Puente Nuevo para impedir el paso de militares.

* José María Sánchez Maceiras y Antonio Golpe López, indicaron que na recente campaña electoral o alcalde intervirá en varios mítines incitando a los campesinos a no pagar las rentas a los propietarios de tierras, ya que si ganab el Frente Popular, se aplicaría la reforma agraria.

Para compensar as imprevistas declaracións de Dimas Llamas e Arturo Amor, a fiscalía fixo declarar a toda a plantilla de gardas civís de Betanzos, sete, destaca a similitude das respostas, que inclúen frases idénticas sobre o carácter do alcalde, acusándoo todos os gardas de ser un hipócrita y hacer un doble juego, aínda que o garda Segundo Vega Monteiro, quen o defende indicando que fue él quién salvó a los dos sacerdotes de ser linchados e os gardas Escolástico Vaquero Sánchez e Evaristo Pardo, sinalaron que intentaba poner orden.

Declaran os dous sacerdotes citados. Eliseo Barros Gamayo declarou abertamente contra Tomás López da Torre, descalificando a testemuña dos que tiñan falado ao seu favor. Indicou que foron rescatados pola Garda Civil e non polo alcalde. José Acuña testificou en senso contrario acerca desta circunstancia, aínda que si recoñeceu que el alcalde arengaba a las turbas a cometer desmanes.

Declara finalmente o Xuíz de Primeira Instancia de Betanzos, D. Benjamín Gil Sáez, quen defende a actuación do alcalde indicando que tendió a evitar violencias y atentados contra las personas y las cosas en Betanzos, procurando mantener el orde y la autoridad en esta ciudad y aconsejando a los elementos más exaltados que debían abstenerse de agredir o significar malquerencia contra la Guardia Civil.

Foi condenado a pena de morte e fusilado o 1 de outubro de 1936.

Tomás deixou viúva, María Luisa Loureda Espiñeira, de 30 anos, e un fillo de 13 anos, Tomás. Vivía na rúa do Valdoncel, nº 29, xunto cos pais, Francisco López Torres (65 anos) e Ignacia Datorre Veiga (68 anos), e o irmán Bernardo (24 anos), tamén avogado.

Segundo Luis Lamela era socio da sociedade coruñesa Centro de Estudios Sociales «Germinal», cousa factibel pois, ao parecer facía moita vida na Coruña: segundo o seu fillo, ía á Coruña polas tardes «día si e día non», onde era socio da Sociedade Filarmónica e frecuentaba unha tertulia nun café coruñés con Martín Martínez, secretario do concello da Coruña, e outros.

Deixou unha carta, redactada en capela, que di moito da integridade moral deste home¹²:

A cualquiera de los camaradas, Beade, Quintanilla o Santamaría.

Queridos amigos y camaradas: Os dirijo estas líneas momentos antes de morir. Lo hago en primer lugar para deciros que cumplí, en todo momento, con los deberes de un buen militante y espero seguir haciéndolo ante el pelotón que me fusile, convencido de que no fui juzgado sino asesinado.

Después de dos meses de preso durante los cuales se instruyeron dos expedientes que fueron sucesivamente examinados para ver si había materia en que fundar mi muerte, se me sigue un juicio «sumarísimo» que dura dos días entre el procesamiento y la condena, donde se me prohíbe defenderme, viéndome obligado a confiar esta misión a un amigo, López [...], Tte. de Artillería, que se comportó caballerosamente, ayudándome a bien morir. Tuve que contestar en unos minutos, de noche, a un sin fin de cargos, todos absolutamente falsos, fundados en supuestos dichos de gentes que no comparecían, ni se relacionaban o habían muerto sin guardar constancia de su declaración. Pero por encima de todo esto, carente de base, existía el motivo cierto: se castigaba en mí al Abogado que en Asturias luchó a favor de los procesados por Octubre de 1934. La misma persona que entonces me corrigió disciplinariamente, ahora firma mi sentencia. Es la lógica consecuencia de haberlo conservado en el puesto.

La situación económica en que dejo a mi familia es bastante mala. Gasté dinero de mi mujer, mis padres son viejos, mi hermano, Abogado, no se ha encauzado y tengo un hijo de trece años. Espero que os ocupéis de ellos porque, además, el triunfo del Frente popular les privará de algunos ingresos por rentas de tierras que constituyen su único caudal. Deseo que procureis a mi hermano una ocupación retribuída: es inteligente, leal y trabajador, y ayudeis a mi hijo para que se abra paso en la vida.

Un abrazo a todos los compañeros, especialmente a Lamóneda, al que diréis que no me equivoqué en los pronósticos de mi última carta. El error estuvo en la magnitud del suceso: nos encontramos los camaradas en la cárcel y en el cementerio.

Adiós ¡Viva el Socialismo!

Tomás López da Torre

Cárcel de La Coruña a 27 de Septiembre 1936

P.D. Deseo que en Betanzos se eviten represalias. Me ayudaron en todo momento Raúl Fernández, Becaría, el Forense, Doña Carmen Pita, Antonio Amor, un sereno Otero, la Superiora del Hospital y del Refugio, Domingo Navaza, José Noguero... A todos les guardo reconocimiento y espero que vosotros les protejais si fuese necesario. A quienes me calumniaron ante el Consejo de Guerra les he perdonado ya.

Vale.

Obsérvase no contido desta emotiva carta (ademais da súa integridade moral, tentando evitar represalias entre persoas da dereita e perdoando aos inimigos, e da preocupación pola familia) a confianza de Da Torre no triunfo da República e da Fronte Popular naqueles primeiros meses da guerra.

LÓPEZ PÉREZ, ANTONIO

Coñecido como «o Bergeiro» por desempeñar este oficio o pai ou antepasados na familia. De 27 anos. Traballaba cos irmáns Lagoa na súa tonelería a poucos metros da súa casa. Probablemente pertencía á CNT.

No padrón de 1935 aparece de profesión labrador, domiciliado na rúa da Ribeira nº 47, co seu avó José López Barral, labrador natural de Betanzos, viúvo de 77 anos; a súa nai, Manuela López Pérez, solteira de 42 anos (teríao a el aos 15 anos, segundo iso), e a súa irmá Josefa, de 20 anos. El e a súa irmá aparecen unicamente co primeiro apelido, figurando raspado o sitio do segundo. Curiosamente, a súa irmá é coñecida como Carmen, non como Josefa.

O seu nome non figura en ningunha relación de vítimas betanceiras. O folleto dos mártires non o recolle e, polo tanto, tampouco a praca de homenaxe do Centro Betanzos. A miña sorpresa foi grande cando os irmáns de Antonio Maceiras me dixeron con insistencia que a canda seu irmán levaran a outros dous e non unicamente a José Edreira como di o folleto. Tamén a irmá deste, Estrella, insistiu en que apareceran xuntos os corpos de tres. Eles foron os que me puxeron na pista de Antonio López. Parece que as súas defuncións rexistraronse en Aranga como «desconocidos», tal como dixemos ao falar de José Edreira.

A súa irmá Carmen, quen daquela acababa de dar a luz o seu primeiro fillo, pensa que o asasinato de Antonio López foi pola parte de Oza (sen embargo alí tampouco está rexistrado) e lembra que os Chunos, pai e irmán doutro dos paseados, encontraron os corpos. Non sabe siquera onde foron enterrados os restos. A familia quedaba bastante desamparada naqueles momentos (ela recién parida, sen pai, o avó anciano) como para poñerse a facer xestións naquelas circunstancias. Tamén descoñece a súa filiación, só que ía ao sindicato na «Casa do Pueblo» e que «era moi bo irmán», o que sostiña a familia. A Antonio viñérono buscar á casa gardas civís e falanxistas, entre eles un Juanito «Lambeplatos», deses que «como dicía a canción antes eran comunistas e agora son requetés e viraron a chaqueta do dereito e do revés.» (Conversa con Carmen López no Asilo de Betanzos, en xuño de 2007).

LÓPEZ PÉREZ, GERMÁN

Coñecido popularmente polo alcume de «O Marulán». Labrador de 35 anos e posteriormente «consumeiro» ou inspector de arbitrios municipais. Pertencía á UGT. Fórono buscar de noite á casa sendo «paseado» o 23 de outubro de 1936 na zona de Ordes, segundo recolle o folleto:

23 de Octubre.— Germán López Pérez, afiliado a la U.G.T. Era capataz de arbitrios municipales, fue «paseado» y asesinado en las cercanías de Ordenes, donde su cadáver apareció barbaramente mutilado.

(Betanzos honra a sus mártires, páx. 10)

Era fillo de Antonio López Miño, garda municipal, e de Juana Pérez Pérez. No padrón de decembro de 1935 figura como cabeza de familia, vivindo na 1ª Travesía de Santa María, número 7, coa muller, María Martínez Antón, natural de Fene de 28 anos, a súa nai, Juana Pérez Pérez, de 71 anos, viúva, e a filla do matrimonio, María López Martínez, de 1 ano. En maio de 1936 nacería Antonio, o segundo fillo do matrimonio que tiña cinco meses cando o asasinato do pai.

A familia tardou tempo en coñecer o lugar e as circunstancias do asasinato de Germán, que foi inscrito como «Un hombre desconocido» no rexistro civil de Ordes. Transcribimos a continuación a copia da acta de defunción, facilitada polo seu fillo Antonio, como exemplo de moitos casos inscritos como «Desconocidos»:

[Hai un selo]

Don Jesús Castro del Río, Juez municipal suplente y encargado del Registro Civil de Ordenes.

Certifico: Que al folio 77, del tomo 56, de la 3ª Sección de este Registro Civil, aparece la que literalmente dice. = Al margen.= Número 153.= Nombre y apellidos= Un hombre desconocido = Dentro = Registro Civil de Ordenes = Distrito de Ordenes = En la Villa de Ordenes, provincia de Coruña, á las diez y siete horas del día veinticuatro de Octubre de mil novecientos treinta y seis, ante D. Celestino Concheiro Iglesias, Juez municipal propietario y D. José Ramon García Canle, Secretario accidental, se procede á inscribir la defunción de D. Un hombre desconocido, de 28 á 32 años, natural de se ignora, y de Dª se ignora, domiciliado en se ignora, de se ignora,

de profesión se ignora y de estado se ignora, hallado en el punto conocido de «Pinar da Torre» de la parroquia de Parada, en este termino, carretera de Portobello á Malpica, Sección de Ordenes á Carballo, kilometro uno, hectometro nueve, el día de ayer, á consecuencia de Traumatismo craneal, producido por proyectiles de arma corta de fuego, según resulta de oficio del Sr. Juez de Instrucción y reconocimiento practicado, y su cadáver habrá de recibir sepultura en el cementerio de Ordenes = Esta inscripción se practica en virtud de oficio del Sr. Juez de Instrucción de este partido, consignándose ademas que el finado era de estatura mediana, pelo, barba y ojos castaños aquella poco poblada, vistiendo pantalon de pana rayado castaño, chaqueta azul muy usada á listas, sujetando el pantalon con un cinturon de cuero negro con una chapa de metal blanco, un sueter ó jersey blanco, digo marron, camiseta rosa con unas rayas ablancazadas travesales, calcetines de lana castaños botas negras enteras sin cordones con fuelles á la parte superior y boina negra, habiendola presenciado como testigos, D. Antonio Martínez Boquete y D. Juan Caramelo Varela, mayores de edad, y vecinos de esta Villa = Leida esta acta, se sella con el de este Juzgado y la firma el Señor Juez, los testigos, de que certifico = Tiene el sello del Juzgado municipal = Celestino Concheiro I. = Juan Caramelo = Antonio Martínez = José R. García.- Rubricaron.= Al margen de dicha acta aparece la siguiente= **Nota**= En virtud de carta orden de la Superioridad de veinte del actual, se hace constar que esta inscripción de defunción, corresponde á **German Lopez Perez**, hijo de Antonio López Miño, natural de Paderne y de Juana Perez Perez, natural de Betanzos, de unos treinta y dos años de edad, natural y vecino de Betanzos, casado con María Martinez Anton, de cuyo matrimonio tuvieron dos hijos llamados Maria y Antonio López Martinez = Y que conste en cumplimiento de lo mandado consigno la presente en Ordenes á veintiocho de Julio de mil novecientos cuarenta y dos. Tiene el sello del Juzgado = El Juez municipal C. Leandro Veiga = El secretario, Jose Sanchez Somoza.- Rubricaron Y para que conste a peticion de parte que no su ... [ilexíbel]. No se reintegra en forma, expido y firmo la presente en Ordenes á veintiseis de Agosto de mil novecientos cuarenta y dos. Rubricado.- Jesus Castro. El Secretario. Sellos.



*Germán López coa gorra de «consumeiro»
Xentileza do seu fillo Antonio.*

Como xa comentamos, ao falar de Barreiro Permuy, os dous foron «paseados» xuntos, circunstancia que descoñecen os respectivos familiares deles cos que falamos.

MACEIRAS AMOR, ANTONIO

Labrador de 20 anos. «Paseado» o 13 de agosto de 1936 xunto co tamén betanceiro José Edreira, nos montes da Reborica (Aranga). Pertencía á CNT. Ao parecer (segundo me testemuñou no seu momento Jesús Lavandeira «o Ladrillo») foi un dos que participou na barricada da Ponte Nova e deixou unha chaqueta ou prenda esquecida que o delataría posteriormente.

No padrón de 1935 aparece domiciliado na rúa da Cañota, nº 10, co avó materno, os pais e catro irmáns. O avó, Juan Amor Sobrino, de 78 anos, labrador natural de Oza, figura como cabeza de familia. Os pais son o betanceiro Francisco Maceiras Losada (labrador de 43 anos), e Carmen Amor Carro (40 anos, nacida en Oza). Antonio é o irmán maior. Os outros son: Lourdes (18 anos), Francisco (15 anos), Agustín (12 anos) e María (10 anos).

No folleto *Betanzos honra a sus mártires* aparece citado como Antonio Maceiras Campillo, apelido este último que non lle corresponde:

El 13 de Agosto.— Antonio Maceiras Campillo y José Edreira, afiliados a la C.N.T., pero que no desempeñaban cargos, son detenidos y «paseados» al monte de la Reborica de Aranga, inmediaciones de la carretera de Coruña a Madrid, donde cayeron asesinados, permaneciendo insepultos hasta que los perros y aves de presa terminaron sus restos.

(*Betanzos honra a sus mártires*, páx. 9)

Segundo os irmáns Maceiras (Maruja e Paco), nunca souberon onde fora asasinado o irmán maior, pese ás indagacións que fixeron. As sospeitas orientábanse cara Guitiriz ou as súas inmediacións. Tamén cren os irmáns que foron tres, e non dous, os que levaron a pasear xuntos, o mesmo que cree a irmá de José Edreira, o que nos puxo sobre a pista doutra vítima non recollida no folleto dos mártires nin na praca homenaxe de Bos Aires: Antonio López «O Bergeiro».

No rexistro civil de Aranga non figura rexistrada a defunción de Maceiras nin dos outros dous. Tampouco hai ningún rexistrado como «desconocido» por esas datas. Poideran, en cambio, corresponder aos rexistrados como «El cadáver de un hombre desconocido» os días 23 (un home de «como 28 años») e 26 de setembro (un «como de unos 25 a 30 años» e outro «como de unos 25 años») se a data da súa morte foi posterior á que dá o folleto. O primeiro apareceu no lugar de Vilouriz e os outros dous na ponte Castellana. Os tres enterráronse na parroquia de Vilarraso.



Antonio Maceiras coa súa moza Lucita. Xentileza dos seus irmáns Maruja e Paco Maceiras.

MASEDA VAAMONDE, JOSÉ

Coñecido polo alcume de «O calderetero». De 28 anos. Fusilado na Coruña o 26 de xaneiro (o 23 ás 7 horas, segundo Lamela) de 1938. Pertencía á CNT e á FAI. Foi procesado por tenencia de explosivos e polo atentado da Terraza de Sada en 1934. En xullo de 1936 fuxiu da cidade e «botouse ao monte». Ao ano seguinte foi detido pola garda civil na parroquia de Loureda en Cesuras. O diario *La Voz de Galicia* deu a noticia da súa detención o día 12 de outubro de 1937 referíndose a el como o «significado extremista, que fue presidente del sindicato de oficios varios de Betanzos». Sen embargo, a nós non nos consta que exercera este cargo. Parece que Maseda estaba ferido dende o comezo do golpe militar e oculto na parroquia de Loureda do concello de Cesuras na casa de Lucas Uzal Suárez, quen tamén foi detido xunto cun fillo, segundo o citado diario. Foron conducidos á Coruña e xulgados o 18 de decembro (sumario nº 1321, 7/10/1937). Maseda foi condenado a morte, mentres que o fillo de Lucas Uzal a varios anos de cadea (aínda que o folleto que vimos citando di que foi tamén condenado a morte). O pai será posto en liberdade despois de confiscarlle o patrimonio. O cumprimento da sentenza de Maseda, pasado polas armas xunto con outras tres vítimas, saíu publicada en *La Voz de Galicia* o día 27 de xaneiro de 1938:

En la mañana de hoy, y en virtud de sentencia recaída en consejo de guerra y aprobada por la superioridad, han sido pasados por las armas los paisanos Lisardo Longueira García (a) «El Ferranchín», Justo Galán Barbero, José Maseda Baamonde y Antonio Santos Fernández (a) «El Montuno».

No padrón de 1935 Maseda figura como xornaleiro de 26 anos, solteiro, residente en Caraña de Abaixo, nº 17, onde vive coa madrasta Manuela Romay Cortés (viúva de 60 anos) e a media irmá María Maseda Romay (18 anos). Tiña outra irmá, Joaquina Maseda Vaamonde que xa non vivía con eles nese momento.

Tamén a data deste fusilamento figura errónea no folleto dos mártires:

16 de Noviembre de 1937.— José Maseda Baamonde, afiliado a la C.N.T., estaba herido y lo detuvieron en el lugar de la Arumida, en Cesuras, con el dueño de la casa donde estaba oculto y un hijo de éste. Todos fueron conducidos a La Coruña y juzgados por un tribunal faccioso, que condenó a muerte al Maseda Baamonde y al hijo del dueño de la citada casa. Ambos fueron fusilados en la fecha indicada y al viejo lo pusieron en libertad tras haberle usurpado su modesto patrimonio.

(*Betanzos honra a sus mártires*, páx. 11-12) ¹³

MIÑO ABELEDA, BERNARDO

«Paseado» na Casilla de San Paio o 28 de outubro de 1936 xunto con outros tres betanceiros e outro máis que sobreviviu á execución. Labrador de arredor de 70 anos (segundo uns censos tería 67, segundo outros 69, 70 segundo a acta de defunción). Dirixente agrario socialista dende 1900, coñecido como «o Pablo Iglesias brigantino», concelleiro en 1909, procesado por opoñerse nun pleno á guerra de Marrocos, volta a ser concelleiro na República. Participou na creación de sindicatos uxetistas, fundou a Cooperativa Socialista e presidiu a Federación Agraria do Partido de Betanzos durante moitos anos.

28 de Octubre.— Bernardo Miño Abelenda, Antonio Lagares Gómez, Camilo Naveira Ferrero y Manuel Fernández, socialistas los dos primeros y de la C.N.T. y comunista, respectivamente, los otros dos. Miño que era septuagenario desempeñaba el cargo de 2º Teniente Alcalde y Lagares era Capataz de arbitrios. Todos fueron detenidos y llevados a La Coruña, donde se les hizo saber que no aparecían cargos contra ellos. Para ser puestos en «libertad» han sido devueltos al cuartel de la Guardia Civil de Betanzos, y a las dos de la madrugada se les «paseó» hasta la casilla de San Payo, en la carretera de Betanzos a Ferrol, donde se les mató cobardemente.

(*Betanzos honra a sus mártires*, páx. 11)

No padrón de 1935 Miño figura con 66 anos como veciño da rúa Pardiñas, nº 29, aínda que noutros anteriores o seu domicilio é na 3ª Travesía da Rúa Travesa, nº 7. Vivía coa muller, Antonia Santamarina (65 anos, natural de Trasparga), a filla Carmen (26 anos), o marido desta, José Lousa Dapena (26 anos, «escribiente») e as netas Josefina (2 anos) e Delia (9 meses).

Na súa acta de defunción figura con

«setenta años natural de Betanzos provincia dicha hijo de Benito Miño y Dolores Abelenda domiciliado en la 3ª Travesía de la Ruatraviesa número 7 piso ppl., de profesión labrador y de estado casado con Antonia Santamarina, de cuyo matrimonio queda una hija llamada Carmen, de veinticinco años, casada y domiciliada en Betanzos. falleció en el Puente de Sampayo el día veintiocho de Octubre pasado a las tres horas aproximadamente a consecuencia de hemorragia interna intra-torácica. Según resulta de diligencia de autopsia y reconocimiento practicado, y su cadáver habrá de recibir sepultura en el Cementerio de Betanzos...»

MOREIRA SUAREZ, JUAN

Mozo de 20 anos. Parece que foi aprendiz de xastre con José Novo, incluso cando este marchou para A Coruña, segundo moitas testemuñas que o lembran. Tamén foi «paseado». Estaba agochado na parroquia de San Xulián de Vigo, en Paderne, cun parente mestre. O pai tróuxoo nun feixe de palla ao lombo, segundo testemuña do que sería seu cuñado, Tomás López. Agachouse con Calviño Babío na casa deste, en Vista Alegre, e detivéronos aos dous tras denuncia dun veciño.

Foi «paseado» o 9 de setembro de 1936 na Espantosa (Betanzos) xunto con Calviño Babío. Pertencía ás Juventudes Comunistas:



Bernardo Miño Abelenda

El 9 de Septiembre.— Son detenidos Juan Moreira Suárez y Manuel Calviño Babío, el primero perteneciente al Partido Comunista y a la U.G.T. el segundo, e inmediatamente asesinados en el paso a nivel de la Espantosa en la línea Betanzos-Ferrol.

(*Betanzos honra a sus mártires*, páx. 9)

No padrón de 1935 figura como labrador (aínda que, como dixemos, traballaba na xastrería de Novo), de 20 anos, solteiro, fillo de Rosendo Moreira Silva («o Apagafarolos», 46 anos, empregado, natural de Paderne) e de Dominga Suárez Casado (53 anos, tamén natural de Paderne). Viven na Ribeira, nº 106, xunto cos outros irmáns: Julián (22 anos, labrador), Andrés (13 anos), María (10 anos), Carmen (8 anos) e Felicidad (3 anos).

MOSQUERA FIDALGO, GERARDO

Coñecido por «O Claveiro». Labrador de 31 anos, natural de Queirís (Coirós) e casado en Tiobre. Pertencía ao Sindicato de Oficios Varios da CNT e á FAI. Foi un dos que fixeron fronte ás tropas no Arco da Ponte Nova. Asasinado na súa propia casa como recolle o folleto:

El 20 de Septiembre.— Gerardo Mosquera Fidalgo, perteneciente a la C.N.T. es asesinado en Tiobre, en el propio portal de su casa, en presencia de su esposa e hijos, en el mismo momento en que agotadas las municiones se rendía tras haber sostenido un tiroteo con la fuerza que fue a detenerle.

(*Betanzos honra a sus mártires*, páx. 10)

Sen embargo, a data correcta é o 27 de setembro, segundo a acta de defunción. Esta non se levantou ata o día 11 de decembro, dous meses e medio despois do asasinato. Nela dise que «Gerardo-Francisco Mosquera Fidalgo, de treinta y un años, natural de Collantres (Coirós)... hijo de Manuel y de María, domiciliado en el lugar de Tiobre, de profesión labrador y de estado casado con María-Josefa Rodríguez García falleció en Tiobre el día veintisiete de septiembre último a consecuencia de disparo de arma de fuego». E nun oficio¹⁴ da Garda Civil de Betanzos á da Coruña en outubro de 1936, afirmase que «Gerardo Mosquera Fidalgo resultó muerto en Tiobre de este Ayuntamiento en la madrugada del 27 del mes anterior por disparo de arma de fuego efectuada por la fuerza de dicho puesto al repeler la agresión de hacer varios disparos el mismo contra dicha fuerza...» Parece que a garda civil non acudiu soa ao seu domicilio aquela madrugada senón que ía acompañada de milicianos e falanxistas, como lembran algúns veciños.

No padrón de 1935 Mosquera figura como labrador de 31 anos, casado coa betanceira María Rodríguez García (30 anos). Viven en Betanzos o Vello, nº 13, coa filla Concepción Mosquera Rodríguez (de 7 anos) e José Rodríguez García (3 anos) que figura como «cuñado». Despois do seu asasinato, a súa viúva e filla rematarían por marchar de Betanzos.

MUÑOZ OTERO, MANUEL

Mariño da Armada de 33 anos. Fusilado en Ferrol o 27 de xaneiro de 1937 por permanecer leal ao goberno da República e ás autoridades da Marina. Deixou viúva e tres fillos de curta idade: Manuel, José Luis e Eduardo. Estaba casado con dona Pilar Vales Estrada, mestra nacional e, posteriormente, coñecida como a «Taquillera», por selo do cine Capitol.

Na súa carreira profesional serviu nos seguintes buques: Pelayo, Nautilus, España, Laya, Torpedero nº 3, Galatea, Juan Sebastián de Elcano e, por último, no Miguel de Cervantes, segundo a información facilitada polo seu fillo Eduardo.

No citado padrón de 1935 non figura nin el nin a familia, por estar empadronado en Ferrol. Sen embargo, aparece el e a súa dona no censo electoral de 1934, residindo na rúa Travesa nº 47, onde figuran como Contra maestre da Armada e Labores, de profesión, respectivamente.

O seu apelido aparece trastocado no folleto dos mártires (Muíños por Muñoz, corrixido a man na edición facsímil) así como o dato erróneo de ser fusilado o mesmo día que el outro mariñeiro betanceiro, Manuel Allegue, que xa aclaramos fora fusilado tres meses antes:

27 de Enero de 1937.— Manuel Muíños [erro por Muñoz] Otero y Manuel Allegue, Maestre de Marinería el primero y Cabo de mar el segundo, ambos también de Betanzos, son fusilados en Ferrol, tras haber sido juzgados por un tribunal sedicioso que los condenó a muerte por haberse mantenido leales a la República. (*Betanzos honra a sus mártires*, páx. 11)

Suárez Martínez (o.c.) recolle tamén o fusilamento de Muñoz e os seus compañeiros:

D 27 XANEIRO 1937 (fusilados na «Punta del Martillo» como «directores del movimiento rebelde del pasado mes de julio en el Cuartel de Brigadas de Instrucción del Arsenal», segundo *La Voz de Galicia* de 28-1-1937):

José Rodríguez Bretos (auxiliar de artillería, 32 anos). C.

Manuel Muñoz Otero (auxiliar naval, 33). C.

Ernesto Lamas González (mariñeiro da Armada, 23, de Vigo). C.

Francisco Clement Heras (auxiliar naval, 33). C.

Santiago Muíños Ramos (maestre de artillería, 29 anos). C.

NAVEIRA CARBALLO, LUIS

Mariñeiro de 32 anos. Coñecido popularmente polo alcume de «O Besugo». «Paseado» o 19 de setembro de 1936 nos arredores de Betanzos. No folleto citado atribúeselle militancia na CNT, aínda que (segundo me dixo no seu día o dirixente Xesús Lavandeira «o Ladrillo») parece que non tiña militancia, por máis que o coengo Silva Ferreiro cita ao «Besugo» (só co alcume) como un dos principais dirixentes da CNT local na súa tendenciosa obra *Galicia y el Movimiento Nacional* (Santiago de Compostela, 1938). Un irmán del, Manuel, si era militante da CNT, ou polo menos participou activamente na folga cenetista de maio de 1933.



*Manuel Muñoz Otero
Xentileza do seu fillo Eduardo*

Luis Naveira foi un dos que fixo fronte ás tropas sublevadas o día 22 de xullo de 1936 e un dos últimos en abandonar a barricada da Ponte Nova, segundo «o Ladrillo». O seu asasinato recóllese así no folleto dos mártires:

El 19 de Septiembre.— Es detenido en La Coruña Luis Naveira Carballo, afiliado a la C.N.T. Conducido a Betanzos, se le «pasea» y es asesinado en el kilómetro 2 de la carretera Betanzos-Ferrol.
(*Betanzos honra a sus mártires*, páx. 9)

A súa defunción non aparece rexistrada no rexistro civil de Betanzos.

No padrón de 1935 aparece como mariñeiro de 31 anos, aveciñado en Castilla nº 9, coa súa dona Genoveva Iglesias Ossorio (34 anos, natural de Ribadeo), e os fillos Luisa (11 anos), Jesusa (10 anos), Sgdº Pastor (9 anos) e Lourdes (5 anos). Tamén aparece vivindo con eles o fillastro José Iglesias, chófer de 18 anos.

Á beira do seu nome figura unha cruz (†), colocada na revisión do censo.

O fillo que aparece como Sgdº Pastor, no padrón de 1931 aparecía como Santiago. A filla Jesusa nese censo aparece con 2 anos, cousa que non se corresponde coa idade do de 1935, que estaría incorrecta. Nese padrón tamén aparecía a súa nai Manuela Naveira Carballo (viúva de 70 anos), quen figura como cabeza de familia.

Nunha circular do Comandante do posto da Garda Civil de Betanzos ao Sr. Xuiz Militar Permanente da 8ª División Militar, datada o 27 de abril de 1937, na que se informa sobre varios betanceiros a deter, dise que «Luis Naveira N. (a) «Besugo» de 33 anos, hijo de Manuela, natural y vecino de Betanzos; desaparecido, se le cree fallecido.» Como que xa levaba sete meses morto e, probablemente, o Comandante que fai o informe soubese algo.

NAVEIRA FERREÑO, CAMILO

Labrador (e peón de albanel) de 26 anos, solteiro, veciño da Cañota. «Paseado» o 28 de outubro de 1936 na casilla de San Paio xunto con Bernardo Miño, Antonio Lagares e Manuel Fernández, amais do sobrevivente Francisco Moreno. Pertencía ao Sindicato de Oficios Varios da CNT.

No padrón de 1935 aparece como labrador de 26 anos, veciño da Cañota, nº 32, onde vive coa nai, Manuela Ferreño Gómez (viúva de 57 anos) e tres irmáns: Carmen (31 anos), José (16 anos) e María (14 anos). Á beira do seu nome figura unha cruz (†), colocada na revisión do censo. Outro irmán, Antonio («Tonán»), de 23 anos, vive coa muller e fillos no nº 22 da mesma rúa.



*Luis Naveira Carballo.
Xentileza da súa filla Jesusa*

Nove meses despois do seu asasinato, súa nai sería unha das persoas multadas por «no lucir colgadas» na casa o día 18 de xullo. É dicir, estaba obrigada a «celebrar» o trunfo dos que asasinaran o fillo.

NOVO RODRÍGUEZ, JOSÉ

Xastre de 44 anos. Coñecido polo alcume de «O Ánimas». Militou na ORGA (Organización Republicana Gallega Autónoma) e logo en Izquierda Republicana ao fusionarse aquela nesta. Desempeñou o cargo de Alcalde durante case un ano (1932-1933) á morte de Víctor Montoto. Foi detido en Guitiriz xunto co Alcalde Tomás López da Torre, con quen viaxaba no taxi do veciño de Betanzos Ricardo García Ben «o Paxariño», cando pretendían chegar a Asturias e, mentres o primeiro era recluído na cadea, Novo foi levado ao cuartel da Garda Civil, para ser executado o 29 de xullo de 1936 de madrugada contra o muro do cemiterio de Betanzos, uns días despois do fusilamento en Ferrol das dúas primeiras vítimas betanceiras, mentres que no folleto dos mártires dise que foi ao día seguinte:

Al día siguiente 27 de Julio, el Primer Teniente de Alcalde José Novo Rodríguez, de Izquierda Republicana, que ha sido detenido en Guitiriz, en unión de López Datorre, fué sacado de la cárcel de Betanzos, a las cuatro de la madrugada, llevado al cementerio municipal y asesinado cobardemente.

(Betanzos honra a sus mártires, páx. 8

A acta de defunción realizada o día 29 non deixa lugar a dúbida: «falleció en el Cementerio mpl. el día de hoy a las cinco horas a consecuencia de hemorragia interna...»

Parece ser que Marcelino Vázquez «o Pelorrico», quen andaba fuxido polos arredores de Betanzos e estaba agochado aquela noite no cemiterio foi testemuña da execución. A noticia do seu asasinato saíu publicada en *La Voz de Galicia* e en *El Progreso*, alterando o segundo apelido:



*Camilo Naveira Ferreiro
Xentileza da familia Naveira Placer*



José Novo Rodríguez

UN FUSILAMIENTO EN BETANZOS

Betanzos.- En Betanzos ha sido fusilado José Novo Diz, jefe de los revoltosos que primero en Betanzos y luego en La Coruña, agredió con armas de fuego cortas y largas a las fuerzas del Ejército.

Novo había sido alcalde de aquella ciudad.

(*El Progreso*. Lugo, 31 xullo 1936)

En *El Ideal Gallego* publicouse unha nota similar, incluíndo o erro do segundo apelido e cambiando o calificativo «revoltosos» por «comunistas», cousa inexacta pois Novo nunca pertenceu ao Partido Comunista e moito menos foi xefe deles:

También en Betanzos fue fusilado José Novo Diz, jefe de los comunistas de aquella ciudad, que disparó contra las fuerzas militares con armas cortas y largas, primero en Betanzos y luego en la Coruña.

(*El Ideal Gallego*, 30 de xullo de 1936)

Resulta curioso o termo de fusilamento aplicado ao caso de Novo, xa que estes efectuábanse tras sentencias de tribunais militares. Parece ser que a Novo se lle fixo un simulacro de xuízo a cargo da Garda Civil de Betanzos e do Xuíz municipal.

Novo gostaba de facer alardes de anticlericalismo oralmente e por escrito (publicou bandos e artigos nese senso, limitou no seu mandato o toque de campás...), cousa que alporizaba ás persoas relixiosas e a beatería oficial da cidade, facendo del un personaxe moi odiado por estas.

Era fillo de Joaquín Novo Lagoa e Felicidad Rodríguez Pandelo e tiña tres irmáns: Joaquín, Felicidad e Concepción. Posteriormente, seu pai casou en segundas nupcias tendo máis descendencia.

No padrón de 1935 aparece José Novo aveciñado na Rúa Travesa, 43-1º, xunto coa súa muller Consuelo Varela Yáñez (42 anos) e os cinco fillos do matrimonio: Alfredo (22 anos, xastre), José (15 anos, xastre), Américo (12 anos), Ana (9 anos) e Consuelo (6 anos). Tamén aparece vivindo con eles o seu sogro, José Varela Silva. Aínda que nesa altura, segundo fontes ben informadas, José Novo vivía con outra muller na Coruña, a onde tiña trasladado a xastrería, sen por iso abandonar a manutención económica da familia legal. Á beira do seu nome figura unha cruz (†), colocada na revisión do padrón.

RILO GARABAL, JOSÉ

Coñecido polo alcume de «O Machacante». Chófer de 24 anos. «Paseado» o 15 de agosto de 1936 na zona de Teixeira, xunto con Manuel Vales. Pertencía como este ao Sindicato de Oficios Varios da CNT.

No folleto dos mártires o seu segundo apelido aparece como Jorabel, mentres que no censo figura Garabal:

El 15 de Agosto.— Manuel Vales y José Rilo Jorabel, también de la C.N.T., como simples afiliados, son igualmente detenidos, conducidos «de paseo» hasta Teijeiro y vilmente asesinados en la carretera de Curtis a Sobrado.

(*Betanzos honra a sus mártires*, páx. 9)

A acta de defunción, cumprimentada o 22 de agosto, recolle, aparte dos datos personais, que «falleció en el lugar de la Neveira (Curtis) el día quince del actual, ignorándose la hora, a consecuencia de Hemorragia.» O seu enterro efectuaríase no cemiterio de Santa Aia de Curtis aínda que a súa neta cree que foi trasladado a Betanzos. Parece ser que o seu cadáver e o de Vales foron atopados por unha veciña do lugar cando xa levaban días mortos.

Era fillo de Pedro Rilo Raposo, xornaleiro, e María Garabal, que vivían na rúa da Torre nº 6 con outros catro fillos. No padrón de 1935 aparece como labrador (aínda que traballou de chofer para un forno e logo exerceu como taxista), veciño da Ribeira, nº 71, vivindo coa súa dona Felicidad Rodríguez Medín (de 17 anos), coñecida popularmente como «A Patusa», o fillo Luis (1 ano), a súa sogra Pilar Rodríguez Medín (35 anos) e o pai desta, Rogelio Rodríguez Pandelo (carpinteiro de 69 anos). Posteriormente tería outra filla, Olga.

Á beira do seu nome figura unha cruz (†), colocada na revisión do padrón.

Erias Martínez, no seu traballo «Unha viaxe polo Betanzos da Segunda República», recolle ao falar do asasinato de Novo Rodríguez unha alusión a «O Machacante»¹⁴:

Logo, en plena noite, buscaron un taxi para levalo ó cemiterio e fusilalo. Solicitaron ese servizo ó taxista alcumado «O Machacante», pero como a muller deste era parente de Novo, negouse alporizado. Non tería máis remedio que levalos, pero, o que é peor, a súa actitude custoulle tamén ser fusilado, inmediatamente despois de Novo. A hora destes crimes sería a das 4,45 da madrugada do mesmo día 29 de xullo, o da detención: 6 gardas civís e carabineiros mandados polo Teniente José González Rodríguez, da Garda Civil (natural do Incio, a quen Novo nunha das súas múltiples follas soltas, «Al Pueblo», seica lle chamara «muñeco uniformado») fusilaron a Novo e ó «Machacante». O impacto das balas aínda hai pouco que se vía nunha das paredes do cemiterio.

Este dato do asasinato de Rilo o mesmo día que Novo non concorda co que se recolle no folleto dos mártires (neste caso acertadamente) nin coa acta de defunción de Rilo que establece o seu asasinato o 15 de agosto, dezasete días despois, na estrada de Teixeira.

A súa viúva sería detida e encausada posteriormente (Causa 1018) polos sucesos do asalto á casa do crego Eliseo Barros o 19 de xullo, para requisarlle as armas que tiña. Felicidad sería acusada de levar roupa que lle entregaría un dos asaltantes, sendo absoluta posteriormente. Ingresada na cadea cos fillos, foi absoluta en sentenza dictada o 3 de decembro de 1936.



José Rilo Garabal.

Xentileza da súa neta Pilar Rilo González.

RÍOS FRAGA, MANUEL

Chófer de 23 anos. Paseado o 25 de agosto de 1936 na praia de Bastiagueiro (Oleiros). Era empregado das Industrias Núñez e pertencía á UGT, sendo un dos membros fundadores en xullo de 1931 da «Sociedad Unión de Obreros y empleados de las Industrias Núñez y trabajadores del muelle de la ciudad de Betanzos», adscrita a aquela central sindical.

Nun comunicado do delegado militar de Betanzos ao Comandante Militar, datado o 27 de xullo de 1936, dise que nas obras partirculares e industrias da cidade tññanse incorporado aos traballos todos os obreiros, «a excepción del empleado de las Industrias Núñez, Manuel Ríos Fraga, detenido por la Guardia Civil». Un mes despois sería «paseado», segundo recolle o folleto dos mártires:

25 de Agosto.— Manuel Ríos Fraga, afiliado a la U.G.T. sin cargo político sindical, también es detenido y asesinado en la playa de Bastiagueiro, cerca de Santa Cruz de Mera.

(Betanzos honra a sus mártires, páx. 9)



*Manuel Ríos Fraga
diante do coche que conducía.
Xentileza do seu irmán Antonio.*

Sen embargo, na acta de defunción figura a súa morte dous días despois, o día 27. Esta acta, asentada o día 28 de agosto de 1937 no rexistro civil de Oleiros (Parroquia de Liáns, nº 85, folio sesenta e nove) refírese en realidade a «Un desconocido» e en ningún momento di que se trate do betanceiro, mais a súa familia considera que se trata de Manuel Ríos Fraga. Baséanse nos datos que nela figuran relativos ás súa roupa na que mesmo figuran as súas iniciais. A acta di que foi «hallado muerto el día de ayer y hora de las siete en el lugar de Bastiagueiro de este término, en la cuneta izquierda de la carretera que del Pasaje va a Santa Cruz, cuyo cadáver no ha sido identificado y vestía camiseta ligeramente azulada con la marca en letras azules M.R. camisa y calzoncillos de lienzo crudo; alpargatas de las que usan en el Ejército y mono azul de mecánico habiendo fallecido a consecuencia de hemorragia interna según resulta de autopsia practicada y certificación facultativa.»¹⁶

Foi encausado o 27 de agosto de 1937 (o mesmo día do seu asasinato, segundo o dato anterior) xunto con outros oito betanceiros que estaban tamén fuxidos (causa nº 1333) sobre sucesos relacionados co asalto e despoxo do convento de San Francisco.

Manuel naceu en Betanzos o 7 de xullo de 1913. O seu pai, Francisco Ríos Mosteiro, era cocheiro de profesión, natural de Santa María de Campos de Melide e a nai betanceira. No padrón de 1935 aparece con 22 anos, residindo na rúa Quiroga, nº 25, coa nai, Dolores Fraga Fiaño, xa viúva, de 41 anos, e os irmás menores: Elena, de 12 anos, Consuelo, de 8 anos, e

Antonio (logo coñecido como «Pahño») de 7 anos. A nai era coñecida como Lola «a Ambulanta».

Isabel Ríos (que non ten relación familiar pese a compartir o mesmo apelido), viúva do médico Manuel Calvelo, fusilado, no seu interesante libro *Testimonio de la guerra civil* tamén recolle o drama desta familia ao atoparse coa Ambulanta cando regresa a Curtis, ao saír en liberdade atenuada en 1943:

Lola la Ambulanta, que sigue viniendo a Curtis a vender su pescado, me cuenta su tragedia. Su hijo escapa al monte en los primeros días de la insurrección fascista. No ha tomado parte en ningún acto ni político ni de lucha armada. Cada vez que el chico aparece por su casa, su madre trata de convencerlo para que no vuelva al monte. ¿Qué le van a hacer si nunca actuó en política...?, el chico se resiste. Con motivo de uno de los repetidos decretos de Franco sobre amnistía para los que no tengan las manos manchadas de sangre, Lola insiste, pues un nuevo comandante del puesto de la Guardia Civil va a verla y le promete que nada le pasará a su hijo. El chico se deja convencer por su madre y se presenta: al día siguiente su cadáver aparece en una carretera. Lola desesperada me decía: «¡Ay, Isabeliña!, a mi hijo lo maté yo, yo fui la causante, pues él nunca se hubiera presentado».¹⁷



Pedro Salgado Barral nunha foto do servizo militar. Xentileza do seu sobriño José Rodríguez Salgado

Parece que Manuel Ríos unha vez presentado, foi trasladado á cadea da Coruña e dalí sería sacado para ser «paseado». Estivo enterrado en Montrove e, posteriormente, os familiares trouxeron os seus restos para Betanzos.

Acababa de vir había pouco tempo do servizo militar que fixera en Madrid.

SALGADO BARRAL, PEDRO

Labrador de 27 anos. Foi «paseado» na parroquia de Filgueira de Traba, no concello de Cesuras o día 26 de agosto de 1936, como se recolle na súa acta de defunción e non na zona de Ordes xunto con Felipe Veiga, como di erroneamente o folleto dos mártires:

El 16 de Septiembre.— Felipe Veiga Montouto y Pedro Barral, ambos afiliados a la C.N.T., sin desempeñar cargos, son detenidos y «paseados» apareciendo sus cadáveres en las inmediaciones de Ordenes.

(Betanzos honra a sus mártires, páx. 9)

Como xa veremos ao falar de Felipe Veiga, a morte deste foi rexistrada o 28 de agosto de 1936 en Ordes e, aínda que se produciron en días próximos, tiveron lugar en zonas diferentes.

Na acta de defunción de Pedro recóllese que é fillo de Lorenzo e Carmen, «domiciliado en la calle de la Riveira nº 42 de Betanzos, de profesión labrador y de estado soltero». A causa da morte «Hemorragia cerebral». Sería enterrado no cemiterio de Traba. A inscrición

practicase por orde do xuíz de instrución «por haber aparecido muerto en la cuneta de la carretera de Traba.»

O feito de rexistrar o folleto dos mártires e máis a praca homenaxe o segundo apelido de Pedro e non o primeiro, deunos moitos quebradeiros de cabeza para localizar a verdadeira filiación deste home. Ninguén nos soubo decir cando preguntabamos por Pedro Barral. Os que se chamaban así (dous temos rexistrado) viviron longos anos e morreron de vellos. Só despois dunha minuciosa consulta dos padróns de habitantes e unha referencia dun veciño á familia dos «Migueliños» demos coa solución ao «enigma».

Pedro aparece no padrón de 1935 como labrador, domiciliado na casa paterna da Ribeira nº 42, cos seus pais Lorenzo Salgado Rico, labrador de 62 anos (segundo outro censo anterior tería 67); a nai Carmen Barral Bello, de 64 anos, e os irmáns Domingo (irmán xemelgo de Pedro) e María, de 31 anos; o home desta, Vicente Rodríguez González, de 34 anos coñecido como «o Xabroneiro», e os fillos deste matrimonio (sobriños, por tanto, de Pedro): José, de 9 anos, Vicente de 5 anos, Carmen (4 anos), Manuel (3 anos) e Jesús (2 anos). Outros irmáns de Pedro xa estarían emancipados.

O seu sobriño José lembra que a Pedro foino buscar á noite á Garda Civil á casa para facer unha declaración. A nai pretendía prepararlle algún alimento para levar pero, como sempre, os gardas dixeron que era por pouco tempo. De primeiras pretendían levar a seu pai pero un veciño alcumado «O Juracho» díxolles «ese non é, é o cuñado!». O sobriño ialle levar o almuerzo ao cuartel, onde o tiñan «ao pé dos cabalos». Ao terceiro día alguén lle dixo ao rapaz que o seu tío xa non estaba alí. Os «paseadores» teríano sacado do cuartel a noite anterior.

SAS BARROS, JULIO

Unha das primeiras vítimas betanceiras, xunto con Tomás Fuentes. Fusilado en Ferrol o 26 de xullo de 1936 xunto con este. Pertencía ao Sindicato de Oficios Varios da CNT. Parece que os dous foron detidos na saída de Betanzos cara Ferrol e aplicouse-lles a pena de morte sen xuízo ao atoparselles armas coas que de seguro fuxirían ao caer Betanzos nas mans dos sublevados.

No folleto dos mártires betanceiros atribúeselle o cargo de secretario do sindicato cenetista, cousa que non nos consta, pois tal cargo desempeñárono Antonio Darriba Otero, Aurelio Castillo e José Sánchez Mata «o Pintavacas», entre 1931 e 1936. Do mesmo xeito, como xa explicamos anteriormente, ao seu compañeiro de martirio atribúeselle tamén erroneamente o cargo de presidente do sindicato:

El día 26, o sea cuatro días después [reférese ao día 22 en que os sublevados ocuparon a cidade], dos jóvenes betanceros Tomás Fuentes Belón y Julio Sas, Presidente y Secretario del Sindicato local de la C.N.T. eran detenidos y conducidos a Ferrol, donde fueron fusilados inmediatamente, sin formación de causa.

(*Betanzos honra a sus mártires*, páx. 8)

No padrón de 1935 aparece como albanel de 27 anos, solteiro, veciño de 3ª Travesía de Santa María, 11-1º, onde vivía coa nai, Matilde Sas Barrós (de 65 anos, solteira). Esta morreu poucos meses despois do asasinato do fillo sen chegar a saber a súa morte.

Á beira dos seus nomes figuran senllas cruces (†), colocadas na revisión do padrón.

TEIJO FERNÁNDEZ, PEDRO E JULIO

No folleto dos mártires recóllese o seu asasinato deste xeito:

15 de Febrero de 1937.— Son detenidos y «paseados» los hermanos Pedro y Julio Teijo, ambos afiliados a la C.N.T., cuyos cadáveres aparecieron en las inmediaciones de Cambre. (*Betanzos honra a sus mártires*, páx. 11)

Sen embargo isto non é exacto, xa que nin foron paseados xuntos, nin en Cambre nin nesa data. Lamela (o. c. páx 176 e 153) recolle a inscrición de defunción no Rexistro civil de Carral dun Julio Teijo Fernández, de 26 anos, «paseado» en Veira-Carral, quizá na estrada de Herves, o 15 de setembro de 1936, cinco meses antes da data que da o folleto. Veciño da Coruña e panadeiro, parece corresponder cun destes irmáns, pois traballaba na Coruña:

Teijo Fernández, Julio. 15.09.36. 26 años. Paseado. Hemorragia interna. Falleció en la parroquia de Veira-Carral entre las cuatro y las 5 horas de la madrugada y fue enterrado en el cementerio de la misma parroquia. Vecino de A Coruña, panadero.

Efectivamente, consultada por nós a acta de defunción de Julio no rexistro civil de Carral observamos que se ben foi rexistrado como «desconocido», posteriormente engadiuse unha nota á marxe que aclara a súa identidade:

Julio Teijo Fernández de veintiseis años hijo de José Teijo Zas y de Isolina Fernández Gómez, natural de Betanzos de profesión panadero y vecino de La Coruña. Esta anotacion se hace en virtud de carta orden recibida de la Superioridad con fecha 5 de Febrero de 1937 de la que resulta identificarse el cadaver a que dió lugar esta acta de inscrición.

Carral a doce de Febrero mil novecientos treinta y siete. El Juez Mpal. Angel Barreiro. El Srio. accal. Antonio Perez.

Do outro irmán, Pedro, que rexentaba unha panadaría-leitería na rúa do Orzán, os familiares decoñecen o lugar onde foi asasinado. Creen que foi pola zona do Ulla ou por Cacheiras, pois tería escapado cara a zona de Santiago, mais nin en Vedra nin en Teo está rexistrada a súa defunción, segundo a consulta que efectuamos. Sobre el hai unha referencia nunha comunicación procedente da Xefatura de Investigación e Vixilancia da Coruña do 14 de outubro de 1936 que publicou recentemente Emilio Grandío: «...PEDRO, de oficio panadero, parece ser un panadero que también apareció muerto por violencia y que se llamaba PEDRO TEIJO». As mortes «por violencia» eran eufemismos para referirse aos «paseos» e outros asasinatos; eran mortos pola violencia deles.¹⁸

Os irmáns Teijo eran fillos do labrador José Teijo Sas e Isolina Fernández Gómez. Pedro, o maior, nacería en 1905 e Julio en 1910, segundo unha anotación a lapis no padrón de 1920. Outros irmáns eran Daniel (quizá xemelgo do anterior pois naceu no mesmo ano), Elisa e Pura. Vivían na rúa da Ribeira número 30. No padrón de 1935 non atopamos a ningún destes dous irmáns, aínda que si aparecen noutros anteriores. Daquela xa estarían empadroados na Coruña. Nese ano, o pai (de 52 anos) estaba casado en segundas nupcias con Francisca Teijo Faraldo (de 54 anos) e con eles residían as fillas solteiras Elisa (17 anos) e Pura (13 anos), así como unha prima destas Carmen Fernández Teijo (16 anos), coñecida despois por Carmen «a Canalejas». A filla desta lembra terlle escoitado á nai que a un dos irmáns Teijo (sería a Julio) atopárono nun monte coas costelas afundidas para dentro.

Julio era solteiro mentres que Pedro estaba casado con María Carral, de Carballo, e tiña un fillo, Mario. Algúns familiares coidan que Pedro sería asasinado a causa do seu ideario político mentres que Julio non era activista e que o seu asasinato debeuse a unha vinganza dun garda civil, irmán dunha moza coa que este tivera relacións.

VAAMONDE VALIÑO, JOSÉ

Labrador de 46 anos . Morre na prisión da Coruña o 20 de setembro de 1939. Pertencía á CNT.

No padrón de 1935 aparece residindo na súa casa de Caraña de Abaixo, no número 23, coa muller Carmen Romay Cortés, de 38 anos e natural do concello de Paderne, e os tres fillos Manuel (8 anos), María (5 anos) e José (1 ano).

A súa muller e a madrastra de outra vítima, José Maseda, eran irmás e vivían moi próximas as dúas familias, no mesmo rueiro.

En abril de 1936, Vaamonde (rexistrado con B) estivo detido tres días, entre o 18 e o 21, na cadea de Betanzos por «tenencia de armas».

José Vaamonde estivo fuxido polos montes dos arredores durante case todo o período da guerra e a familia facíalle chegar alimentos a través do seu fillo maior, Manolo. Para presionalo, prenderon á súa muller e el rematou por presentarse coa promesa de que ela saíría en liberdade. José foi xulgado por «rebelión» (causa nº 1048, 21/11/1939) e encarcerado na cadea da Coruña, onde morrería pouco despois, sen que por iso puxeran en liberdade á esposa (causa nº 1018 de 15 de setembro de 1936), quen sufriu condena un tempo en Santander, na prisión do Dueso, mentres que os fillos de ambos foron atendidos por familiares.

No folleto dos mártires, así como na praca de Buenos Aires, aparece o seu apelido con B:

20 de Septiembre del 39.— Muere en la cárcel de La Coruña José Baamonde Valiño, afiliado a la C.N.T., después de sufrir una serie de penalidades en los tres años que estuvo huido y a consecuencia del régimen de hambre y miseria que sufrió en la prisión.

(Betanzos honra a sus mártires, páx. 12)

VALES FERNANDEZ, MANUEL

Camareiro de 31 anos. «Paseado» o 15 de agosto de 1936 na zona de Teixeira, xunto co compañeiro José Rilo Garabal. Pertencían ambos ao Sindicato de Oficios Varios da CNT.

A acta de defunción (con data de 22 de agosto) recolle, aparte dos datos persoais, que «falleció en el lugar de la Neveira (Curtis) el día quince del actual, ignorándose la hora, a consecuencia de Hemorragia», exactamente igual que a de Rilo. O seu enterro efectuaríase tamén no cemiterio de Santa Aia de Curtis.

Era vendedor e corresponsal de prensa obreira e anarquista. Na folga xeral de maio de 1933 foi detido xunto con outros compañeiros sindicalistas botando uns días na cadea. Con respecto deses feitos, o Alcalde accidental Vicente López Mancera asinaba un informe ao Gobernador Civil da provincia, verdadeiro parte policial con datos persoais pretendidamente vexatorios, que di moi pouco dunha persoa presuntamente progresista, aínda que el non o redactara (normalmente encargábase estes informes ao xefe da garda municipal ou á garda civil) e si o asinase. O informe, mecanoscrito e cheo de erratas e faltas de ortografía, dí así:

Excmo. Sr

Cumplimentando el telegrama de V E de fecha 17 del actual, en orden al historial del vecino de esta Ciudad Manuel Vales Fernandez, tengo el honor de significale lo siguiente Manuel Vales Fernandez, nacio en esta Ciudad en 1 de Junio de 1905; hizo el servicio militar en Leon, y siempre se distinguió por sus ideas avanzadas.

En la ultima huelga ilegal fue de los que mas se distinguió como organizador

Organizo con otros un petitorio publico para las vctimas de Casas Viejas, saliendo por el pueblo postulando, a los que acompaño la banda de musica municipal y llevando el Vales luna bandera comunista en una mano y en la otra una bandeja

Diariamente lleva en el bolsillo de la Americana un pañuelo, con los colores o insignias anarquistas, usa parte de el a la vista saliendo del bolsillo

El dia de la cita huelga o sea el 9 del actual, fue uno de los que concurrio con la camioneta a Oza de los Rios para soliviantar a los campesinos y proclamar las ideas comunistas

Se dedica a la venta y corresponsalia de los periodicos mas avanzados y sirve diaria y directamente el C N T

Siempre se ha distinguido como uno de los principales dirigentes de las ideas anarquistas y suersivas, siendo por lo tanto muy peligroso y perturbador

No tiene profesion ni oficio conocido y aun que el dice que es camarero, fue muy rara la ocasión en que haya prestado servicio en dicho oficio, puesto que en estos ultmios años, solo se sabe, que lo realizase durante unos tres o cuatro meses en un kiosco de venta de vevidas de no muy buena nota, llamado el Taran,

Actualmente, vive en compañía de una mujer llamada Emilia García Amor, que lo mantiene a costa de su trabajo de vendedora de fruta

Al ser detenido se le ocupo por la Guardia civil una revista comunista y un dibujo hecho por el mismo, con un significado avanzado, que obran en ese Gobierno civil, a su disposicion Sufrio deversas quincenas por juego y escandalo y fue uno de los que sorprendio la Guardia municipal, hace pocos meses pintando las paredes de distintas casas y edificios con grandes



Manuel Vales e dous amigos co periódico CNT que vendía e nun retrato con carimbo oficial. Xentileza da familia Carro Vales

rotulos, entre los que se distinguían «Leed CNT»
 Es cuanto puedo por el momento manifestar a V E
 Disfrute V E de larga vida
 Betanzos 19 Mayo de 1933 El Alcalde accidental
 [asinado Vicente López Mancera]
 (Arquivo Municipal de Betanzos, carp. 1074)

No padrón de 1920 aparece como residente na Habana, de profesión xornaleiro. Tiña nado o 1º de xuño de 1905. En 1931 vivía na Cruz Verde, nº 28-30, aínda en compañía da nai, Esperanza Fernández Seijo (viúva de 44 anos, lavandeira natural de Bergondo) e os irmáns: Francisco (de 25 anos, que tivo barbería na Ponte Nova), Arminda (23 anos) e Adelina (19 anos).

No padrón de 1935 aparece como camareiro de profesión, viciño da rúa Quiroga, 17-2º, onde reside coa muller, Esperanza Seoane García, de 19 anos. Na acta de defunción devandita figura «casado con Esperanza, ignorándose su apellido, de veinte años, de cuyo matrimonio tienen un hijo llamado Manuel.»



*Manuel Vázquez Gómez.
 Xentileza dos seus sobriños.*

VAZQUEZ GOMEZ, MANUEL

Xornaleiro de 19 anos. «Paseado» en Osedo (Sada) o 22 de setembro de 1936. Pertencía á CNT ao parecer.

Nacera na Angustia na casa nº 10 o 11 de marzo de 1917. Os seus pais eran José Vázquez Fernández, labrador natural de Aranga, e Antonia Gómez Gándara, natural de Betanzos. No padrón de 1935 aparece aveciñado no Cepiño nº 3, cos pais (de 59 e 63 anos) e un irmán maior, Juan, de 21 anos.

O folleto dos mártires recolle así o seu asasinato:

El 22 de Septiembre.— Es detenido Manuel Vázquez Gómez, afiliado a la C.N.T. «paseado» hasta Osedo, cerca de Sada, y allí asesinado.

(Betanzos honra a sus mártires, páx. 10)

Os familiares descoñecen exactamente as causas concretas e o lugar do seu asasinato, e tampouco teñen certeza da súa ideoloxía ou militancia política ou sindical.

No rexistro civil de Sada non figura inscripta a súa defunción, aínda que pode corresponder coa de un «desconocido» duns 25 ou 26 anos, falecido o 30 de setembro de 1936, aparecido na estrada de Castelo de Taibo e enterrado no cemiterio de Osedo.

Unha veciña de Osedo lembra que a un «ganadero» (segundo ela) de Betanzos matárono na estrada de Castelo e levárono a enterrar ao cemiterio de Osedo nunha escada. Pegáranlle dous tiros na caluga e coséranlle os ollos con alfinetes. Nin a profesión nin a idade («sobre uns trinta anos») concordan neste caso, aínda que poidera tratarse del e mesturarse os seus datos con outra vítima. (Testemuña de María Dans, veciña de Osedo de 92 anos, en novembro de 2006).



Celestino Veiga Álvarez. Xentileza da súa sobriña Tana Fraga Veiga

VEIGA ÁLVAREZ, CELESTINO

Labrador de 23 anos. Coñecido popularmente polo alcume de «O caganopino», que máis ben era o alcume do pai. A el coñecíanlo tamén polo «Chevó». Pertencía á CNT. Fusilado o 20 de agosto de 1938, na Coruña, segundo o folleto dos mártires:

20 de Agosto del 38.— Es fusilado en La Coruña, Celestino Veiga, directivo del Sindicato local de la C.N.T. Anduvo huido por los montes en compañía de su padre. Sorprendidos durmiendo por los falangistas, los condujeron a La Coruña; el primero ha sido juzgado por un tribunal sedicioso que lo condenó a muerte y su padre fué puesto en libertad tras horribles torturas. (*Betanzos honra a sus mártires*, páx. 12)

Esta data non se corresponde coa que dá Lamela, quen recolle o fusilamento de Celestino Veiga Alvarez tres meses despois, «pasado por las armas a las 6,30 horas, o 18 de novembro de 1938 en Adormideras», é dicir no campo da Rata. Segundo este, era solteiro, de 27 anos e labrador de profesión. A idade, neste caso, non é a correcta xa que lle dá catro anos máis dos que tiña realmente.

Andrés e Celestino, pai e fillo, foron detidos e ingresados na cadea de Betanzos o 11 de abril de 1938 e conducidos á da Coruña o 29 do mesmo mes. Na súa ficha de ingreso na cadea betanceira constan con máis idade da que tiñan: 55 e 27 anos, respectivamente. Encausados ambos (sumario nº 344), foron condenados o pai a prisión e o fillo a pena de morte.

No padrón de 1935 non atopamos a Celestino residindo na casa paterna da Ribeira nº 64. Quizá residira naquel momento fóra de Betanzos ou estaba xa emancipado da familia noutra residencia. Tamén poidera ser que estivera no momento do censo facendo aínda o servizo militar. En cambio, no padrón de 1931 si aparecía residindo cos pais e irmás. O pai é Andrés Veiga Rey, labrador, de 52 anos, natural de Paderne. A nai, Encarnación Álvarez Rojo, tamén de Paderne e de 52 anos. [As idades non se corresponden coas que figuran no padrón de cinco anos antes, que lles dá 42 anos aos dous]. As irmás son María, de 22 anos, e Pilar, de 13 anos. Celestino tiña 18 anos no momento do censo de 1931, polo que que tería uns 23 anos cando o seu asasinato. Tiña nacido en Buenos Aires (arredor de 1913), ao igual que a súa irmá María, a onde terían emigrado os pais durante un tempo. A irmá menor xa naceu en Betanzos. Tiñan outro irmán, o maior, Jesús, catro anos máis vello que Celestino e que xa non residía na casa paterna. Por mor do seu acento porteño este era coñecido polo «Chevó», xa que xogando ao fútbol adoitaba dicir «Che, vos!» para que lle pasaran a pelota (Testemuña do veciño Fernando Suárez).

VEIGA GÓMEZ, FELIPE

Segundo o folleto dos mártires foi «paseado» xunto con Pedro Barral na zona de Ordes o 16 de setembro de 1936 :

El 16 de Septiembre.— Felipe Veiga Montouto y Pedro Barral, ambos afiliados a la C.N.T., sin desempeñar cargos, son detenidos y «paseados» apareciendo sus cadáveres en las inmediaciones de Ordenes. (*Betanzos honra a sus mártires*, páx. 9)

Sen embargo isto é inexacto, xa que Pedro Salgado Barral (nome correcto) foi paseado en Filgueira de Traba, como xa vimos, e tamén é inexacta a data da morte de Veiga que tería ocorrido antes do 28 de agosto. Por certo, o apelido Montouto que se lle adxudica no folleto é incorrecto, xa que era Gómez de segundo. Segundo a versión que permaneceu na familia, o asasinato de Felipe sería unha vinganza. Este fixera había pouco o servizo militar e fora ordenanza dun mando militar que residía en San Pedro de Nós. Ao parecer, o seu superior sorprendeu á súa muller na cama co subordinado, feito que daría lugar á vinganza posterior do militar. Logo do golpe militar, Felipe foi avisado para que marchara da casa, advertencia da que non fixo caso, sendo detido posteriormente. O seu corpo aparecería cos testículos dentro da boca (cousa que a acta de defunción non reseña), como unha especie de crime ritual, o que dá certa verosimilitude á versión familiar.

Segundo algunhas testemuñas, ademais de á CNT pertencía tamén ao Partido Comunista ou ás súas Xuventudes.

No padrón de 1935 non aparece ningún Felipe Veiga Montouto, mais si figura Felipe Veiga Gómez, de 23 anos, solteiro, labrador. Reside na Angustia nº 23 co pai, Felipe Veiga Lamas, natural do concello de Bergondo, labrador de 65 anos; a súa nai, Ramona Gómez García, de Betanzos, de 65 anos, de profesión «labores»; e os irmáns: Ramón, de 19 anos, labrador, e Encarnación, de 17 anos. Ademais parece que había outros dous irmáns máis vellos, Juan e Joaquina, que xa non vivían na casa paterna.

No rexistro civil de Ordes aparece asentada o día 28 de agosto de 1936 a acta de defunción de «Un sujeto desconocido» duns «28 a 30 años», falecido en «se ignora» o día «se ignora». Dise que «La muerte fué causada por destrozos craneal producidos por disparo de arma de fuego» e especificase «que el finado era de estatura mediana mas bien alto, moreno, pelo castaño, delgado, viste traje tela castaña con rayas blancas camisa azul elastico de verano blanco calcetines verdes con rayas blancas, calzoncillo de lienzo corto calzando zapatillas negras». Unha nota marxinal engadida posteriormente (a seis de setembro de 1941) por orde de «la Superioridad» certifica que a citada acta de defunción corresponde a «Felipe Veiga Gomez, hijo de Felipe Veiga Lamas y su esposa Ramona Gómez García, de 25 años de edad, al tiempo de su fallecimiento, que nació en la parroquia de San Pedro das Viñas, con fecha 26 de Spbre. de 1911, de donde tambien era vecino, lugar de las Angustias, de profesión Choffer y de estado soltero, sin descendientes,(...)».

BIBLIOGRAFÍA E DOCUMENTACIÓN

Arquivo Municipal de Betanzos:

- Carpeta 277. Padrón de habitantes 1931
- Carpeta 280. Padrón de habitantes 1935.
- Carpeta 3407
- Carpeta 4312. Rexistros do cárcere.

-Carpeta 2292, censo electoral (renovación de 1934)

-Carpeta 1074, Orden Público-Diversos Oficios.

Rexistro Civil de Aranga:

-Actas de defunción de varios «Desconocido».

Rexistro Civil de Betanzos:

-Actas de defunción de José Novo Rodríguez, Antonio García Estrada, Gerardo Francisco Mosquera Fidalgo, Manuel Fernández Pérez, Bernardo Miño Abelenda, Camilo Naveira Ferreño e Francisco Cortiñas Díaz, ademais da de «Hombre desconocido».

Rexistro Civil de Cesuras:

-Acta de defunción de Pedro Salgado Barral.

Rexistro Civil de Curtis:

-Actas de defunción de José Rilo Garabal e Manuel Vales Fernández.

Rexistro Civil de Oleiros:

-Acta de defunción de «Un desconocido», que coincide con Manuel Ríos Fraga. Facilitada polo seu sobriño Antonio Ríos González-Camino.

Rexistro Civil de Ordes:

-Actas de defunción de Felipe Veiga Gómez, Germán López Pérez e Manuel [Francisco] Barreiro Permuy. Facilitadas por Manuel Pazos Gómez. Unha copia literal da de Germán López Pérez tamén nola facilitou seu fillo Antonio.

Causas militares do Tribunal Militar Territorial Cuarto:

Causa 177 / 36. Contra Tomás López da Torre. (Resume facilitado por Bernardo Máiz)

Causa 118/36. Contra Francisco Fraga García y José Camba Chas. (Facilitada por Antonio Fraga Mandián. Resume facilitado por Bernardo Máiz)

Causa 508/37. «Contra Aurelio Castillo Barreiro y otros por el delito de rebelión». (Facilitada por Eliseo Fernández)

Libros:

Comité de homenaje a los mártires de Betanzos y su distrito: *Betanzos honra a sus mártires*. Julio de 1955. Betanzos - La Coruña. España. (en realidade publicado en Buenos Aires en 1958). Hai edición facsimilar de 2001

CORTIÑAS DÍAZ, Luis A., 1958, *Traición consagrada (La gran derrota del pueblo hispano)*. Paraná (Argentina). Nueva Impresora.

ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo, 2002, «Unha viaxe polo Betanzos da Segunda República». *Anuario Brigantino* 2001, nº 24.

FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos, 2000, *El Alzamiento de 1936 en Galicia*. Sada, Edición do Castro (serie Documentos, nº 149).

GÓMEZ GÓMEZ, Silvia, 1993, «Betanzos», en 1936. *Os primeiros días. Historia oral de Vigo, Betanzos, A Guarda, Ribeira, Seixalbo e Ourense*. Vigo, Edición de Marc Wouters. Edicións Xerais.

GRANDÍO, E. (Editor), 2007, *Anos de Odio. Golpe, represión e guerra civil na provincia da Coruña (1936-1939)*. Deputación da Coruña.

LAMELA, Luis, 2002, *A Coruña, 1936. Memoria convulsa de una represión*. Sada, Edición do Castro (serie Documentos nº 178).

SUÁREZ MARTÍNEZ, X. L., 2002, *Guerra civil e represión en Ferrol e comarca*. Concello de Ferrol-Edt. Galaxia.

TORRES REGUEIRO, Xesús, 2004, *A II República nunha vila galega. Betanzos 1931-1936*. Sada, Edición do Castro (serie Documentos, nº 187).

VELASCO SOUTO, Carlos F., 2006, *Represión e alzamento militar en Galiza*. Vigo, Edicións A Nosa Terra (Colección Historia de Galicia, nº 20).

Agradecementos:

Estrella Edreira Seoane, Antonio Ríos Fraga, Antonio Ríos González-Camino, Fernando Suárez, Tomás López Loureda, Carmen e Vicente López, Andrés Beade Dopico, Ricardo Fraga Fraga, Antonio Fraga Mandián, Finita Castillo Varela, Manolo Barreiro, José Carro Gómez, Enrique Carro Vales, Juan Fuentes Vasco, Olga Fariñas Veiga, Joaquina e José Luis Rodríguez Teijo, Manuel Lagares Sobrino, Antonio Lagares, José Lagares, Antonio López Martínez, Francisco e Maruja Maceiras Amor, Eduardo Muñoz Vales, Jesusa Naveira Iglesias, Guadalupe Naveira, Pilar Rilo González, Carmiña Vázquez Fernández, Viúva de Manuel Vaamonde Romay, José Rodríguez Salgado, Antonio Rivas Calviño, Manuel Seijo, Enrique Vázquez, Tana Fraga Veiga e os historiadores Bernardo Máiz, Eliseo Fernández e Manuel Pazos Gómez.

NOTAS

1 *Nova Galiza* publicouse entre o 15 de abril de 1937 e o 8 de xaneiro de 1938. Existe edición facsimilar (reducida) publicada por Edicións do Castro, serie/Documentos nº 66, Sada, 1990.

2 Eu consultei o que pertencía ao desaparecido dirixente comunista local Ricardo García Gondell, quen me dixo que tivera agochado envolto en plásticos debaixo do tellado.

3 Edicións do Castro, Sada, 2004, colección Documentos nº 187, páxs. 220-223.

4 Edicións do Castro, Sada, 2000, colección Documentos nº 149.

5 *A Xanela*, Revista cultural das Mariñas, nº 23, Outono 2006, páxina 15. Editada pola A.C. Eira Vella.

6. As citadas actas de defunción foronme facilitadas por Manuel Pazos Gómez, da Asociación Cultural «Obradoiro da Historia». A miña gratitude polas súas xestións.

7 Os outros vinte, segundo eran Gregorio Cardoso, Francisco [...], Pedro Fernández Ferreiro, Ramón González Canosa, Federico Ribadulla Gómez, José Rodríguez Serantes, Manuel Tellado Villar, Ramón Diz Valeiro, Antonio Vidal González, José García Vázquez, Antonio Lorenzo García, Francisco Díaz Moreno, Luis Lafuente Naveira, Manuel Bergantiños Posse, Manuel Baldomir Vázquez, Ramiro Fontenla Andújar, Salvador Mateo, Domingo Lliso e Alejandro Dopico Saleta.

8 Causa sumarásima nº 508 contra Aurelio Castillo Barreiro y otros, por el delito de rebelión. Trátase dos implicados na resistencia do Arco da Ponte Nova contra as tropas militares que viñan tomar a cidade. Facilitada polo investigador Eliseo Fernández.

9 Francisco Moreno: Francisco Moreno Vilariño figura no Censo de 1935 con 19 anos, electricista de profesión (traballaba na «fábrica da luz» dos Núñez), fillo único de Mateo Moreno Gómez (de La Vera, Cáceres) e Ramona Vilariño Maceiras (de Paderne). Residían na 1ª Travesía da Torre. Pertencía ao sindicato UGT. Tiña nacionalidade arxentina, xa que nacera aló. Paquiño O Moreno, como popularmente se coñecía, foi levado a pasear coas outras catro vítimas, resultou unicamente ferido e dado por morto, sobrevivindo a este dramático suceso. A causa diso ficárialle o alcume de «O Fusilado» ou tamén «O Paseado». Agochado en casas amigas e curada a súa ferida, posteriormente conseguiu pasar a Portugal embarcando a Buenos Aires, onde botaría o resto da súa vida. Nos últimos anos regresou a Betanzos en varias ocasións, onde reside actualmente.

10 Este Carro Silva salvouse ao marchar cara Portugal, de onde procedía, un par de días antes do «Alzamento» nun automóbil da súa propiedade (segundo información de Tomás López Loureda). Sen embargo, temos constancia de que ingresou na cadea de Betanzos o 22 de xullo de 1936 e saíu en liberdade o 28 de setembro dese ano. Quizá foi entón cando marchou de Betanzos.

11. Arquivo Municipal de Betanzos. Carpeta 4312.

12. A carta obra en poder do seu fillo Tomás López Loureda e foi publicada por primeira vez por Alfredo Erias no seu traballo «Unha viaxe polo Betanzos da Segunda República», in *Anuario Brigantino* 2001, nº 24, páx. 365 e ss. Das tres persoas ás que vai dirixida a carta, compañeiros do PSOE, Beade estivo fuxido e agochado até 1947, Quintanilla foi fusilado, e Santamaría conseguiu fuxir. O irmán, tamén avogado, é Bernardo López Da Torre, que entón tiña uns 24 anos.

13. O lugar da Arumida debe referirse á Ermida, xa que aquel non existe.

14 Interesándose polo paradeiro dos veciños Julio Hernández ³⁾ Tarrel, Manuel Vales, Luis Naveira, o propio Mosquera, Manuel Ríos Fraga e José Purriños Conles. Curiosamente, tres deles (Vales, Naveira e Ríos xa foran asasinados daquela). Causa 1018/36, folio 28, facilitado por Antonio Ríos González.

15. Alfredo Erias: «Unha viaxe polo Betanzos da Segunda República», in *Anuario Brigantino* 2001, nº 24, páx. 362-363

16 Esta acta (así como outros documentos) foinos facilitada polo seu sobriño Antonio Ríos González-Camino, quen realizou un auténtico traballo de pesquisa sobre o seu familiar en diversos arquivos.

17 páx. 208. Colección «Documentos...» nº 20. Edicións do Castro, Sada, 1986

18 *Anos de Odio. Golpe, represión e guerra civil na provincia da Coruña (1936-1939)*. páx. 174.



Debuxo do betanceiro Manuel Crestar alusivo á represión fascista na súa vila natal. Publicado en Galicia-Libre, «portavoz de los gallegos libertarios». Madrid, 20-I-1938.